

XUNTA DE GOBERNO
Sesión do día 24 de novembro de 2022
-----o0o-----

En Pontevedra, na Sala de Xuntas do Pazo Provincial, sendo as doce horas e corenta minutos do día vinte e catro de novembro do ano dous mil vinte e dous, baixo a Presidencia da Ilma. Sra. Dna. M^a del Carmen Silva Rego, Presidenta da Deputación Provincial de Pontevedra, reuníronse as/os señoras/es deputadas/os, D. Carlos López Font, D. Santos Héctor Rodríguez Díaz, Dna. Noemí Outeda Prol, Dna. Ana Laura Iglesias González, Dna. Iria Lamas Salgueiro, D. Xosé Cesáreo Mosquera Lorenzo, Dna. María Ortega Iñarrea e Dna. Ana María Mejías Sacaluga co obxecto de celebrar sesión ordinaria da Xunta de Goberno, con carácter executivo, en primeira convocatoria, consonte á correspondente orde do día.

Da fe do acto D. Carlos Cuadrado Romay, Secretario Xeral, e está presente o Sr. Interventor, D. Antonio Graña Gómez.

Non asiste o deputado *D. Gorka Gómez Díaz*, xustificando a súa ausencia.

Declarada aberta a sesión e de orde da Presidencia éntrase seguidamente no exame da orde do día, adoptándose en relación coa mesma os seguintes acordos:

1.32298.- ACTA ANTERIOR

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade a aprobación do borrador da acta da sesión ordinaria do día 18 de novembro de 2022.

2.32299.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE PONTEAREAS, NO MARCO DO PLAN CONCELLOS 2022-2023 LIÑA 1 – INVESTIMENTOS (ANUALIDADE 2023), CO OBXECTO DO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “REFORMA DO EDIFICIO N° 39 DA PRAZA MAIOR EN PONTEAREAS PARA CENTRO CÍVICO”. (Expte. 2022066810)

O Pleno da Deputación, na súa sesión do 26 de novembro de 2021, acordou a aprobación das Bases Reguladoras do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022-2023, (en adiante Plan Concellos 2022-2023) que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 230 do 27 de novembro de 2021. Desta xeira o Plan Concellos é bienal, se ben segue a estar fornecido por fondos propios da Deputación de Pontevedra con destino á colaboración nas obras e servizos de competencia municipal dos 59 concellos de menos de 50.000 habitantes da provincia.



Por medio do Plan Concellos dáse cumprimento ao mandato contido no artigo 36.2.a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL), que regula a obriga das deputacións provinciais de aprobar anualmente un plan provincial de cooperación coas obras e servizos de competencia municipal.

O Plan Concellos 2022-2023 mantendo o procedemento de concorrencia non competitiva e as tres liñas mestras como en anos anteriores, na Liña 1 Investimentos dótase de 30.500.000,00 € para o exercicio 2022 e de 30.500.000,00 € para o exercicio 2023, con cargo ás aplicacións orzamentarias 22/942.9425.762.45 e 23/942.9425.762.45 (Plan Concellos 22-23).

Mediante Resolución Presidencial nº 2021007177 de data 03/12/2021 aprobáronse as cantidades asignadas a cada concello. Xunto á cantidade que lle corresponde a cada concello no exercicio 2022 e no exercicio 2023, tamén se fai saber a relación de débedas que ten o municipio coa institución provincial na data de publicación das Bases Reguladoras. Esta comunicación ten por obxectivo que as referidas débedas se abonen antes de que se presenten as solicitudes ao abeiro do Plan Concellos, de xeito que no caso de non terse producido o pagamento, a Deputación de oficio procede á detracción por compensación dos importes debidos, ata extinguir a súa totalidade sobre a cantidade asignada ao exercicio 2022. A contía que resulta despois da detracción de oficio, se reparte entre as tres Liñas subvencionables de acordo coa porcentaxe fixada na Base Reguladora 5ª.

O Plan Concellos aínda que sexa un instrumento de planificación provincial, segue a respectar e garantir a autonomía local. No exercicio 2022, correspondíalle a cada concello distribuír libremente as contías individuais respectivas segundo as súas necesidades, con cargo ás distintas liñas de subvención e con respecto aos límites establecidos nestas bases. Para exercicio 2023 se segue a respectar a autonomía local, pero a contía asignada a cada concello, de acordo coas Bases Reguladoras das Liñas 2 e 3 aprobadas por acordo plenario de 28 de outubro de 2022 e publicadas no BOPPO nº 208 de 31/10/2022, como consecuencia da invasión rusa en Ucraína e as medidas de contención da Unión Europea, os concellos que así o soliciten poden destinar ata o 30% da cantidade asignada na Liña 1 do exercicio 2023 ao programa de amortización de débedas con entidades financeiras, acredores de gasto corrente e investimentos e financiamento de gastos derivados da prestación de servizos municipais e/ou derivados da realización de actividades culturais, deportivas, sociais, etc. (Liña 2).

De acordo coa Base Reguladora 8ª do Plan Concellos 2022-23, a Liña 1 é de Investimentos, os cales inclúen todas as obras, subministracións, adquisición de bens inmoebles e propiedade inmaterial (plans urbanísticos, estudos de planificación estratéxica, plans de mobilidade sostible ...) para actividades e servizos que sexan de competencia municipal.



No marco da citada competencia municipal, a Deputación de Pontevedra tamén é consecuente cos novos postulados dos tempos actuais que lle tocan vivir tanto a cidadanía como ás administracións locais. Emporiso este Plan Concellos non só fai de interacción co Plan Nacional Integrado de Enerxía e Clima (PNIEC) 2021-2030, senón que tamén contribúe e favorece a observancia do principio de non causar un prexuízo significativo ao medio ambiente recollido no artigo 17 do Regulamento UE 2020/852 do Parlamento Europeo e do Consello de 18 de xuño de 2020, relativo ás inversións sostibles, e que é de aplicación a todos os plans.

En data 02/11/2022 por rexistro WEB2022055913 dentro do prazo fixado na convocatoria, consta a entrada na sede electrónica da Deputación, ao abeiro do Plan Concellos 2022-2023, anualidade 2023, petición do *Concello de Pontearreas* na que solicita con cargo á cantidade que lle corresponde no reparto unha subvención por importe de 243.530,60 €, con destino ao financiamento do investimento “*OBRA DE REFORMA DO EDIFICIO Nº 39 DA PRAZA MAIOR EN PONTEAREAS PARA CENTRO CÍVICO*” (Expte. 2022066810), en base a un orzamento que ascende a 1.034.815,71 €, quedando configurada a súa petición tal e como reflicte na seguinte táboa:

Anualidade	Orzamento	Subvención	Fondos propios do Concello/Achegas doutras administracións públicas
2023	1.034.815,71 €	243.530,60 €	791.285,11

Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas Bases Reguladoras do Plan Concellos 2022-2023 e achega a documentación requirida, contando co informe de supervisión favorable do enxeñeiro xefe do servizo de Cooperación de data 14/11/2022.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

1.- NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.
- Lei 7/2021, de 20 de maio, de cambio climático e transición enerxética.
- Lei 7/2022, de 8 de abril, de residuos e solos contaminados para unha economía circular
- Real Decreto Lei 6/2022, de 29 de marzo, polo que se adoptan medidas urxentes no marco do Plan Nacional de resposta ás consecuencias económicas e sociais da guerra en Ucraína



- Regulamento UE 2020/852 do Parlamento Europeo e do Consello de 18 de xuño de 2020 relativo ao establecemento dun marco para facilitar as inversións sostibles polo que se modifica o Regulamento UE 2019/2088.
- Regulamento Delegado (UE) da comisión de 4 de xuño de 2021, polo que se completa o Regulamento (UE) 2020/852, no cal se establecen os criterios técnicos de selección para determinar as condicións nas que se considera que unha actividade económica contribúe de forma substancial á mitigación do cambio climático ou á adaptación ao mesmo.
- Regulamento (UE) nº 269/2014 do Consello de 17 de marzo de 2014 relativo á adopción de medidas restritivas respecto de accións que menoscaban ou ameazan a integridade territorial, a soberanía e a independencia de Ucraína.
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL)
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do Plan Concellos 2022-2023.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.

II.- CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 16ª do Plan Concellos 2022-2023 relativa á instrución, procedemento e resolución, que indica que lle corresponde ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Asemade, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización do Servizo de Intervención.

PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES:

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. Do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.



- Base Reguladora 16ª do Plan Concellos 2022-2023, que indica que as propostas de concesións de subvencións someteranse á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación, segundo a natureza do investimento, no seu caso, e de fiscalización do Servizo de Intervención. Se algunha solicitude non se axusta a estas Bases Reguladoras, e por esta razón é informada desfavorablemente polos facultativos técnicos de Cooperación ou polo Servizo de Intervención, o Concello poderá presentar unha nova solicitude.

RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 185 do TRLRFL que regula as competencias en materia de xestión de gasto.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.
- Bases Reguladoras 1ª e 8ª do Plan Concellos 2022-2023 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.
- Base Reguladora 5ª 7ª do Plan Concellos 2022-2023 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxe e o límite máximo por liña e exercicio, así como os criterios obxectivos de reparto.
- Bases Reguladoras 10ª e 12ª do Plan Concellos 2022-2023 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.
- Artigo 30 da Lei 7/2022, de 8 de abril, de residuos e solos contaminados para unha economía circular, que establece a partir do 01/07/2022 a obriga de clasificar para re-utilizar os elementos xa utilizados
- Artigo 9 da Carta Europea de Autonomía Local que dispón que na medida do posible, as subvencións concedidas ás entidades locais non han de ser destinadas á financiación de proxectos específicos. A concesión de subvencións non deberá causar prexuízo á liberdade fundamental da política das entidades locais, no seu propio ámbito de competencia.

DA XESTIÓN DO CICLO DA AUGA

- No momento de ser aprobadas as Bases Reguladoras do Plan Concellos 2022-2023 estaba pendente a tramitación da lexislación autonómica sobre a xestión integral do ciclo da auga. Ese texto é a Lei 1/2022, de 12 xullo, de mellora da xestión do ciclo integral da auga (DOG núm. 154 de 12 de agosto de 2022), que tal como se prevía de *lege ferenda*, pode acudirse a convenios ou instrumentos de colaboración, que distribúen as competencias e as obrigas de financiamento entre Augas de Galicia e os distintos concellos que se así o fagan, amais da propia Deputación Provincial.



- De terse subscrito algún de tales instrumentos de colaboración, de acordo coa Base Reguladora 7ª Bis, o concello interesado haberá de comunicalo á Deputación para que esta poida efectuar a retención do importe da achega que por tal concepto lle corresponde ao ente provincial da cantidade asignada ao Concello no Plan Concellos 2022-2023. E de non ser isto factible por terse concedido todas as axudas e iniciados os procedementos de licitación correlativos, a retención farase a cargo do importe das baixas, importe que xa non se poderá reutilizar nin nos proxectos primitivos, nin en novos investimentos ou con cargo a futuros plans de Cooperación.
- O deber do concello de comunicar a adhesión ao convenio ou instrumento de colaboración haberase de realizar no prazo de 10 días naturais desde a súa formalización, e o seu incumprimento é causa de reintegro das subvencións concedidas con cargo a estas bases.

PARTE DISPOSITIVA

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes do facultativo técnico do Servizo de Cooperación cos Municipios, de data 14/11/2022, e da Xefa do Servizo de Cooperación de data 14/11/2022 que conclúen favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 15/11/2022, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao *Concello de Pontearreas*, CIF: P3604200J a cantidade de 243.530,60 euros con destino ao financiamento do investimento “REFORMA DO EDIFICIO Nº 39 DA PRAZA MAIOR EN PONTEAREAS PARA CENTRO CÍVICO” (Expte. 2022066810), cuxo orzamento ascende a 1.034.815,71 euros, quedando configurada a súa petición segundo se indica na seguinte táboa:

Anualidade	Orzamento	Subvención	Fondos propios do Concello/Achegas doutras administracións públicas
2023	1.034.815,71 €	243.530,60 €	791.285,11 (633.028,09€ EDUSI; 158.257,02€ CONCELLO)

- No vixente orzamento provincial realízase a previsión futura de retención de crédito para o exercicio 2023 mediante o documento RCFUT nº 202200228969 por importe de 243.530,60 euros, quedando condicionado o gasto á aprobación do orzamento e á existencia de crédito adecuado e suficiente na correspondente aplicación orzamentaria que será, no seu caso, 2023/942.9425.762.45.



- De acordo coa Base Reguladora 18ª do Plan Concellos 2022-2023 o Concello deberá de comunicarlle á Deputación, no prazo de dez (10) días naturais a contar desde a súa formalización, a adhesión ao convenio ou ao instrumento equivalente para a xestión integral da auga para poder iniciar a retención da totalidade da achega que por tal concepto lle corresponda á Deputación do Plan Concellos. O incumprimento desta obriga será causa de reintegro da subvención concedida con cargo a este plan.
- A licitación, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do Plan de Concellos 2022-2023, aprobadas polo acordo plenario de 26 de novembro de 2021 e publicadas no BOPPO núm. 230 de 27/11/2021 (disponibles tamén <http://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.
- Ao abeiro da Base Reguladora 21ª.2 do Plan Concellos 2022-23, o investimento incluído na anualidade 2023, deberá estar executado o 31 de decembro de 2024 e xustificado na súa totalidade o 31 de marzo de 2025. O incumprimento desta obriga dará lugar a revogación da subvención.
- Darlle traslado da presente resolución ao *Concello de Pontearreas*, a Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

3.32300.- BASES REGULADORAS PARA A CONCESIÓN DE ACTUACIÓNS DE GRUPOS CON CARGO AO PROGRAMA “PONTEGAL” 2023.
(Expte. 20220065845)

A Deputación de Pontevedra, a través do Servizo de Cultura, establece as bases reguladoras para levar a cabo as solicitudes de actuacións de grupos con cargo ao Programa Pontegal 2023, e visto o informe favorable de Intervención, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar as bases para levar a cabo as solicitudes de actuacións de grupos con cargo ao Programa Pontegal 2023, que por tratarse dunha tramitación anticipada quedan condicionadas á aprobación definitiva do orzamento 2023 e que figuran co CSV: HEHFIFSCWUSS17YB.

4.32301.- APROBACIÓN DA 1ª ADDENDA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA E O CONCELLO DE ARBO PARA A EXECUCIÓN DAS OBRAS DE “MELLORA DA MOBILIDADE PEONIL NA EP 5202 DO PQ 1+100 AO PQ 1+165 E NA EP 5203 DO PQ 1+150 AO PQ 1+529”
(Expte.2020023048)

1. O 14 de xaneiro de 2021 a Deputación de Pontevedra e o *Concello de Arbo* formalizaron un convenio establecendo as bases da colaboración técnica e económica para a execución do proxecto de obras de “*Mellora da mobilidade peonil na E.P. 5202 do pq 1+100 ao 1+165 e na E.P. 5203 do pq 1+150 ao 1+529*”, por importe de 663.204,03 € e con vixencia, conforme á súa cláusula novena ata o 31 de decembro de 2022.



A distribución do financiamento é a seguinte:

	ACHEGA	%
Deputación de Pontevedra	464.242,82 €	70%
Concello de Arbo	198.961,21 €	30%

A Deputación de Pontevedra financiou a súa achega de 464.242,82 € con cargo á aplicación 21/456.4530.612.02.2020.

A achega do Concello de Arbo (198.961,21€,) financiou con cargo a fondos propios.

2. A Deputación solicitou o 8 de novembro de 2021 ao Instituto para a Diversificación e Aforro da Enerxía (IDAER unha axuda para as actuacións obxecto do convenio, ao abeiro do Real Decreto 692/2021, de 3 de agosto, polo que se regula a concesión directa de axudas para investimentos de proxectos singulares locais de enerxía limpa en concellos de reto demográfico (PROGRAMA DUS 5000)), no marco do Programa de Rexeneración e Reto Demográfico do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (BOE núm.185, de 4 de agosto de 2021). Esta solicitude está na actualidade pendente de resolución.

Consideracións legais e técnicas.

1ª Lexislación aplicable.

- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da administración local de Galicia (LALGA).
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais (TRLRFL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.
- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROFRXEL).

2ª A addenda está destinada a facilitar a reformulación do financiamento de concederse a axuda solicitada ao IDAE ao abeiro do Real Decreto 692/2021, de 3 de agosto, polo que se regula a concesión directa de axudas para investimentos de proxectos singulares locais de enerxía limpa en concellos de reto demográfico (PROGRAMA DUS 5000). Cumpre os requisitos esixidos no artigo 49 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público, dado que o convenio está vixente e a ampliación do prazo ata o 31 de decembro de 2023 atópase dentro dos límites legais no relativo á duración máxima dos convenios de colaboración.



Tendo en conta todo o que antecede, logo dos informes da Secretaría e da Intervención Xerais, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aprobar a seguinte “ADDENDA PARA PRORROGAR AS ACTUACIÓNS OBXECTO DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA E O CONCELLO DE ARBO PARA LEVAR A CABO A EXECUCIÓN DA OBRA DE MELLORA DA MOBILIDADE PEONIL NA E.P. 5202 DO PQ 1+100 AO 1+165 E NA E.P. 5203 DO PQ 1+150 AO 1+529.

INTERVEÑEN

Dunha parte, María del Carmen Silva Rego, presidenta da Deputación Provincial de Pontevedra, actuando en virtude das competencias que lle atribúe o artigo 34.1.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Doutra parte, Horacio Gil Expósito, alcalde do Concello de Arbo, no exercicio das competencias que lle atribúe o artigo 124.1 e.4 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Da fe da formalización Carlos Cuadrado Romay, secretario xeral da Deputación de Pontevedra.

As partes recoñécense mutuamente plena lexitimación, representación e a capacidade legal necesaria para subscribir a presente addenda ao Convenio de Colaboración e, con tal fin

EXPOÑEN

I.- O 14 de xaneiro de 2021 a Deputación de Pontevedra e o Concello de Arbo formalizaron un convenio co obxecto de establecer as bases da colaboración técnica e económica para a execución do proxecto de obras de “Mellora da mobilidade peonil na E.P. 5202 do pq 1+100 ao 1+165 e na E.P. 5203 do pq 1+150 ao 1+529”.

II.- A cláusula novena do referido convenio establece que a vixencia do mesmo se estende ata o 31 de decembro de 2022 sendo prorrogable coa conformidade expresa das partes intervinientes.

III.- A Deputación presentou o 8 de novembro de 2021 no Instituto para a Diversificación e Aforro da Enerxía (IDAE) unha solicitude de axuda para as actuacións obxecto do convenio ao abeiro do Real Decreto 692/2021, de 3 de agosto, polo que se regula a concesión directa de axudas para investimentos de proxectos singulares locais de enerxía limpa en concellos de reto demográfico (PROGRAMA DUS 5000), no marco do Programa de Rexeneración e Reto Demográfico do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (BOE núm.185, de 4 de agosto de 2021). Esta solicitude está pendente de resolución.

Por todo o anteriormente exposto, as partes manifestan expresamente a vontade de asinar unha addenda ao Convenio de Colaboración co obxecto de prorrogar a súa vixencia e

PACTAN

PRIMEIRO.- Estender ata o 31 de decembro de 2023 a vixencia do Convenio de Colaboración entre a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Arbo para a execución do proxecto de obras de “Mellora da mobilidade peonil na E.P. 5202 do pq 1+100 ao 1+165 e na E.P. 5203 do pq 1+150 ao 1+529”.



A presente addenda entrará en vigor na data da súa sinatura.

SEGUNDO.- En todo o demais, o convenio asinado o 14 de xaneiro de 2021 mantense invariable, suxeitándose as partes ao establecido nas súas cláusulas.”

E para que así conste, en proba de conformidade, as partes asinan a presente addenda na data da súa sinatura dixital.

*A presidenta da Deputación Provincial,
María del Carmen Silva Rego*

*O alcalde do Concello de Arbo,
Horacio Gil Expósito*

*O secretario xeral da Deputación
Carlos Cuadrado Romay”*

Segundo.- Aínda que a obra se presupón finalizada para principios do ano 2023, os efectos económicos do convenio entenderanse ata tres meses despois da liquidación do contrato da obra, unha vez rematado o período de garantía, que neste caso concreto son trinta e seis meses. Calquera incremento do custo neste período será financiado de conformidade cos coeficientes dispostos na cláusula terceira do convenio.

Asemade no caso de cumprirse as condicións establecidas no Real Decreto-lei 3/2022, do 1 de marzo, de medidas para a mellora da sustentabilidade do transporte de mercadorías por estrada e do funcionamento da cadea loxística, e polo que se traspoñe a Directiva (UE) 2020/1057, do 15 de xullo de 2020, pola que se fixan normas específicas con respecto á Directiva 96/71/CE e a Directiva 2014/67/UE para o desprazamento dos condutores no sector do transporte por estrada, e de medidas excepcionais en materia de revisión de prezos nos contratos públicos de obras, esta revisión excepcional, de habela, será financiada cos mesmos coeficientes de financiamento.

Terceiro. Facultar á presidenta para formalizar a addenda transcrita no punto anterior, mediante a súa sinatura.

Cuarto.- Notificarlle o presente acordo ao *Concello de Arbo* e comunicarllo á Intervención, a Infraestruturas e Vías Provinciais e a Contratación.

5.32302.- APROBACIÓN DA 1ª ADDENDA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA E O CONCELLO DE CUNTIS PARA A EXECUCIÓN DAS OBRAS DE “MELLORA DA SEGURANZA VIARIA NA E.P. 8402 CUNTIS – CEQUERIL, RÚA DA PALMA”. (Expte. 2020041361)

1. O 3 de maio de 2021 a Deputación de Pontevedra e o *Concello de Cuntis* formalizaron un convenio establecendo as bases da colaboración técnica e económica para a execución do proxecto de obras de “*Mellora da seguranza viaria na E.P. 8402 Cuntis – Cequeril, rúa da Palma*”, por importe de 603.930,72 € e con vixencia, conforme á súa cláusula novena, ata o 31 de decembro de 2022.



A distribución do financiamento é a seguinte:

ORGANISMO	ACHEGA	%
Deputación de Pontevedra	422.751,50 €	70
Concello de Cuntis	181.179,22 €	30

O importe dos xustiprezos dos terreos expropiados para a realización das obras (11.785,83 €) foron financiados polo Concello.

A Deputación financiou a súa achega con cargo á aplicación 21/456.4530.612.02/2020.
 O Concello de Cuntis financia a súa achega con fondos propios, anualidades 2021 e 2022.

2. A Deputación de Pontevedra solicitou o 8 de novembro de 2021 ao Instituto para a Diversificación e Aforro da Enerxía (IDAE) unha axuda para as actuacións obxecto do convenio, ao abeiro do Real Decreto 692/2021, de 3 de agosto, polo que se regula a concesión directa de axudas para investimentos de proxectos singulares locais de enerxía limpa en concellos de reto demográfico (PROGRAMA DUS 5000), no marco do Programa de Rexeneración e Reto Demográfico do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (BOE núm.185, de 4 de agosto de 2021). Esta solicitude está na actualidade pendente de resolución.

3. O xefe dos Servizos Técnicos de Infraestruturas informou o 18 de outubro de 2022 que pese a que o prazo de execución da obra remata dentro do ano 2022 a tramitación derivada da execución da obra prolongarase ata o ano 2023 (recepción, medición, certificación final...), polo que é necesaria unha prórroga do convenio de colaboración para que o mesmo teña validez durante o vindeiro ano. Consideracións legais e técnicas.

1ª Lexislación aplicable.

- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL)
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da administración local de Galicia (LALGA).
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais (TRLRFL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.
- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROFRXEL).



2ª A addenda está destinada a facilitar o remate e a entrega ao uso público das obras obxecto do convenio e a reformulación do financiamento de concederse a axuda solicitada ao IDAE, ao abeiro do Real Decreto 692/2021, de 3 de agosto, polo que se regula a concesión directa de axudas para investimentos de proxectos singulares locais de enerxía limpa en concellos de reto demográfico (PROGRAMA DUS 5000). Cumpre os requisitos esixidos no artigo 49 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público, dado que o convenio está vixente e a ampliación do prazo ata o 31 de decembro de 2023 atópase dentro dos límites legais no relativo á duración máxima dos convenios de colaboración.

Tendo en conta todo o que antecede, logo dos informes da Secretaría e da Intervención Xerais, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aprobar a seguinte “*ADDENDA PARA PRORROGAR AS ACTUACIÓNS OBXECTO DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA E O CONCELLO DE CUNTIS PARA A EXECUCIÓN DAS OBRAS DE “MELLORA DA SEGURANZA VIARIA NA E.P. 8402 CUNTIS – CEQUERIL, RÚA DA PALMA”*”.

INTERVEÑEN

Dunha parte, María del Carmen Silva Rego, presidenta da Deputación Provincial de Pontevedra, actuando en virtude das competencias que lle atribúe o artigo 34.1.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Doutra parte, Manuel Campos Velay, alcalde do Concello de Cuntis, no exercicio das competencias que lle atribúe o artigo 124.1 e.4 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Da fe da formalización Carlos Cuadrado Romay, secretario xeral da Deputación de Pontevedra.

As partes recoñécense mutuamente plena lexitimación, representación e a capacidade legal necesaria para subscribir a presente addenda ao Convenio de Colaboración e, con tal fin

EXPOÑEN

I.- O 3 de maio de 2021 a Deputación de Pontevedra e o Concello de Cuntis formalizaron un convenio co obxecto de establecer as bases da colaboración técnica e económica para a execución do proxecto de obras de “Mellora da seguranza viaria na E.P. 8402 Cuntis – Cequeril, rúa da Palma”.

II.- A cláusula novena do referido convenio establece que a vixencia do mesmo se estende ata o 31 de decembro de 2022 sendo prorrogable coa conformidade expresa das partes intervinientes.

III.- A Deputación presentou o 8 de novembro de 2021 no Instituto para a Diversificación e Aforro da Enerxía (IDAE) unha solicitude de axuda para as actuacións obxecto do convenio, ao abeiro do Real Decreto 692/2021, de 3 de agosto, polo que se regula a concesión directa de axudas para investimentos de proxectos singulares locais de enerxía limpa en concellos de reto demográfico (PROGRAMA DUS 5000), no marco do Programa de Rexeneración e Reto Demográfico do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (BOE núm.185, de 4 de agosto de 2021). Esta solicitude está pendente de resolución.



IV.- Pese a que o prazo de execución da obra remata dentro do ano 2022, a tramitación derivada da execución da obra prolongarase ata o ano 2023.

Por todo o anteriormente exposto, as partes manifestan expresamente a vontade de asinar unha addenda ao Convenio de Colaboración co obxecto de prorrogar a súa vixencia e

PACTAN

PRIMEIRO.- Estender ata o 31 de decembro de 2023 a vixencia do Convenio de Colaboración entre a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Cuntis para a execución do proxecto de obras de Mellora da seguranza viaria na E.P. 8402 Cuntis – Cequeril, rúa da Palma.

A presente addenda entrará en vigor na data da súa sinatura.

SEGUNDO.- En todo o demais, o convenio asinado o 3 de maio de 2021 mantense invariable, suxeitándose as partes ao establecido nas súas cláusulas.

E para que así conste, en proba de conformidade, as dúas partes asinan a presente addenda na data da sinatura dixital.

*A presidenta da Deputación Provincial,
María del Carmen Silva Rego*

*A alcaldesa do Concello de Cuntis,
Manuel Campos Velay*

*O secretario xeral da Deputación,
Carlos Cuadrado Romay”*

Segundo.- Aínda que a obra se presupón finalizada para principios do ano 2023, os efectos económicos do convenio entenderanse ata tres meses despois da liquidación do contrato da obra, unha vez rematado o período de garantía, que neste caso concreto son trinta e seis meses. Calquera incremento do custo neste período será financiado de conformidade cos coeficientes dispostos na cláusula terceira do convenio.

Asemade no caso de cumprirse as condicións establecidas no Real Decreto-lei 3/2022, do 1 de marzo, de medidas para a mellora da sustentabilidade do transporte de mercadorías por estrada e do funcionamento da cadea loxística, e polo que se traspoñe a Directiva (UE) 2020/1057, do 15 de xullo de 2020, pola que se fixan normas específicas con respecto á Directiva 96/71/CE e a Directiva 2014/67/UE para o desprazamento dos condutores no sector do transporte por estrada, e de medidas excepcionais en materia de revisión de prezos nos contratos públicos de obras, esta revisión excepcional, de habela, será financiada cos mesmos coeficientes de financiamento.

Terceiro.- Facultar á presidenta para formalizar a addenda transcrita no punto anterior, mediante a súa sinatura.

Cuarto.- Notificarlle o presente acordo ao Concello de Cuntis comunicarllo á Intervención, a Infraestruturas e Vías Provinciais e a Contratación.



6.32303.- APROBACIÓN DA 1ª ADDENDA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA E O CONCELLO DE VALGA PARA A EXECUCIÓN DAS OBRAS DE “MELLORA DA SEGURIDADE VIAL E DA MOBILIDADE PEONIL NA EP 8501 VALGA-MARTORES DENDE O PK 1+050 ATA O PK 1+500” (Expte. 2021040634)

1.- O 16 de novembro de 2021 a Deputación de Pontevedra e o Concello de Valga formalizaron un convenio co obxecto de establecer as bases da colaboración técnica e económica para a execución do proxecto “*Mellora da seguridade vial e da mobilidade peonil na EP 8501 Valga-Martores desde o Pk 1+050 ata o Pk 1+500*” (Municipio de Valga)”.

Conforme á súa cláusula novena ten vixencia ata o 31 de decembro de 2022.

A distribución do financiamento é a seguinte:

	ACHEGA	%
Deputación de Pontevedra	323.765,12 €	70
Concello de Valga	138.756,48 €	30
TOTAL INVESTIMENTO	462.521,60 €	100

As expropiacións necesarias para a realización das mencionadas obras fináncianse na súa integridade polo Concello de Valga:

	ACHEGA	%
Concello de Valga	770,87 €	100
TOTAL EXPROPIACIÓNS	770,87 €	100

A Deputación de Pontevedra financiou a súa achega 323.765,12 € con cargo á aplicación 21/456.4530.612.02 do orzamento provincial do ano 2021.

A achega do *Concello de Valga* (139.527,35 €) do importe das obras máis o importe resultante das expropiacións) financiou con cargo a subvención do Plan Concellos 2022.

2.- O 28 de xullo de 2022 formalizouse o contrato para a execución das obras con cargo ás aplicacións 22/456.4530.612.02.2021 e 22/456.4530.612.02. O 26 de agosto de 2022 formalizouse a acta de comprobación do trazado.

O prazo de execución das obras fixado no contrato é de seis meses contados dende a data de formalización da dita acta Unha vez finalizadas as obras debe realizarse a comprobación do cumprimento do contrato e no seu caso a recepción das obras e liquidación do contrato.



3.- O 8 de novembro de 2021 formalizouse ante o IDAE unha solicitude de participación na no Programa de axudas regulado polo Real Decreto 692/2021, de 3 de agosto, con destino a proxectos singulares locais de enerxía limpa en municipios de reto demográfico (PROGRAMA DUS 5000). Esta solicitude está pendente de resolución.

Consideracións legais e técnicas.

1ª Lexislación aplicable.

- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da administración local de Galicia (LALGA).
- Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais (TRLRFL).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.

2ª Cumprimento dos requisitos esixidos.

A addenda está destinada a facilitar o remate e a entrega ao uso público das obras obxecto do convenio e a reformulación do financiamento de concederse a axuda solicitada.

Cumpre os requisitos esixidos no artigo 49 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público, dado que o convenio está vixente e a ampliación do prazo ata o 31 de decembro de 2023 atópase dentro dos límites legais no relativo á duración máxima dos convenios.

3ª Órgano competente para a aprobación.

O órgano competente para a aprobación da addenda é o mesmo que aprobou o convenio; no caso da Deputación, a Xunta de Goberno.

Tendo en conta todo o que antecede e logo dos informes da Secretaría Xeral e da Intervención Xeral, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aprobar a seguinte Addenda ao Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Valga para a execución do proxecto “*Mellora de seguridade vial e da mobilidade peonil na EP 8501 Valga-Martores desde o Pk 1+050 ata o Pk 1+500*” (Municipio de Valga)”.

INTERVEÑEN

Dunha parte, María del Carmen Silva Rego, presidenta da Deputación Provincial de Pontevedra, actuando en virtude das competencias que lle atribúe o artigo 34.1.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.



Dontra parte, José María Bello Maneiro, alcalde do Concello de Valga no exercicio das competencias que lle atribúe o artigo 124.1 e.4 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Da fe da formalización Carlos Cuadrado Romay, secretario xeral da Deputación de Pontevedra.

As partes recoñécense mutuamente plena lexitimación, representación e a capacidade legal necesaria para subscribir a presente addenda ao Convenio de Colaboración e, con tal fin

EXPOÑEN

I.- Que a cláusula novena do convenio asinado o 16 de novembro de 2021 obxecto desta Addenda establece que a vixencia do mesmo se estende ata o 31 de decembro de 2022 sendo prorrogable coa conformidade expresa das partes intervinientes en caso de que non se rematen as obras obxecto do mesmo no prazo indicado.

II.- Actualmente as obras que son obxecto do convenio están en execución e non é posible a entrega ao uso público no prazo de vixencia establecido neste, razón pola que é necesario estender a súa vixencia ata o 31 de decembro de 2023.

III.- O 8 de novembro de 2021 formalizouse ante o IDAE unha solicitude de participación na no Programa de axudas regulado polo Real Decreto 692/2021, de 3 de agosto, con destino a proxectos singulares locais de enerxía limpa en municipios de reto demográfico (PROGRAMA DUS 5000). Esta solicitude está pendente de resolución. Por todo o anteriormente exposto, as partes manifestan expresamente a vontade de asinar unha addenda ao Convenio de Colaboración co obxecto de prorrogar a súa vixencia e PACTAN:

PRIMEIRO.- Estender ata o 31 de decembro de 2023 a vixencia do Convenio de Colaboración entre a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Valga para a execución do proxecto “MEJORA DE LA SEGURIDAD VIAL Y DE LA MOVILIDAD PEATONAL EN LA EP 8501 VALGA-MARTORES DESDE EL PK 1+050 HASTA EL PK 1+500” (MUNICIPIO DE VALGA) ”.

SEGUNDO.- En todo o demais, o convenio asinado o 16 de novembro de 2021 mantense invariable, suxeitándose as partes ao establecido nas súas cláusulas.

TERCEIRO.- A presente addenda entrará en vigor na data da súa sinatura.

E para que así conste, en proba de conformidade, as partes asinan a presente addenda

*A presidenta da Deputación Provincial de Pontevedra,
María del Carmen Silva Rego*

*O alcalde do Concello de Valga,
José María Bello Maneiro,*

*O secretario xeral da Deputación
Carlos Cuadrado Romay”*

Segundo.- Aínda que a obra se presupón finalizada para principios do ano 2023, os efectos económicos do convenio entenderanse ata tres meses despois da liquidación do contrato da obra, unha vez rematado o período de garantía, que neste caso concreto son trinta e seis meses. Calquera incremento do custo neste período será financiado de conformidade cos coeficientes dispostos na cláusula terceira do convenio.



Asemade no caso de cumprirse as condicións establecidas no Real Decreto-lei 3/2022, do 1 de marzo, de medidas para a mellora da sustentabilidade do transporte de mercadorías por estrada e do funcionamento da cadea loxística, e polo que se traspoñe a Directiva (UE) 2020/1057, do 15 de xullo de 2020, pola que se fixan normas específicas con respecto á Directiva 96/71/CE e a Directiva 2014/67/UE para o desprazamento dos condutores no sector do transporte por estrada, e de medidas excepcionais en materia de revisión de prezos nos contratos públicos de obras, esta revisión excepcional, de habela, será financiada cos mesmos coeficientes de financiamento.

Terceiro. Facultar á presidenta para formalizar a addenda transcrita no punto anterior, mediante a súa sinatura.

Cuarto.- Notificarlle o presente acordo ao *Concello de Valga* e comunicarllo á Intervención, a Infraestruturas e Vías Provinciais e a Contratación.

7.32304.- APROBACIÓN DA 1ª ADDENDA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA E O CONCELLO DE BARRO PARA A EXECUCIÓN DAS OBRAS DE “RECUPERACIÓN DO ESPAZO E MELLORA DA MOBILIDADE PEONIL NA EP 0508 CURRO – SAN AMARO AO SEU PASO POLA PRAZA DE SAN AMARO”. (Expte. 2020020698)

1. O 23 de xaneiro de 2021 a Deputación de Pontevedra e o *Concello de Barro* formalizaron un convenio establecendo as bases da colaboración técnica e económica para a execución do proxecto de obras de “*Recuperación do espazo e mellora da mobilidade peonil na E.P. 0508 Curro – San Amaro ao seu paso pola praza de San Amaro*”, por importe de 303.282,07 € e con vixencia, conforme á súa cláusula novena ata o 31 de decembro de 2022.

A distribución do financiamento é a seguinte:

	ACHEGA	%
Deputación de Pontevedra	212.297,45 €	70%
Concello de Barro	90.984,62€	30%

A Deputación de Pontevedra financiou a súa achega € con cargo á aplicación 21/456.4530612.02.2020.

A achega do *Concello de Barro* (90.984,62€,) financiou con cargo a fondos propios.

2. A Deputación solicitou o 8 de novembro de 2021 ao Instituto para a Diversificación e Aforro da Enerxía (IDAER unha axuda para as actuacións obxecto do convenio, ao abeiro do Real Decreto 692/2021, de 3 de agosto, polo que se regula a concesión directa de axudas para investimentos de proxectos singulares locais de enerxía limpa en concellos de reto demográfico (PROGRAMA DUS 5000), no marco do Programa de Rexeneración e Reto Demográfico do Plan de Recuperación,



Transformación e Resiliencia (BOE núm.185, de 4 de agosto de 2021). Esta solicitude está na actualidade pendente de resolución.

Consideracións legais e técnicas.

1ª Lexislación aplicable.

- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL)
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da administración local de Galicia (LALGA).
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais (TRLRFL) .
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.
- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROFRXEL).

2ª A addenda está destinada a facilitar a reformulación do financiamento de concederse a axuda solicitada ao IDAE ao abeiro do Real Decreto 692/2021, de 3 de agosto, polo que se regula a concesión directa de axudas para investimentos de proxectos singulares locais de enerxía limpa en concellos de reto demográfico (PROGRAMA DUS 5000). Cumpre os requisitos esixidos no artigo 49 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público, dado que o convenio está vixente e a ampliación do prazo ata o 31 de decembro de 2023 atópase dentro dos límites legais no relativo á duración máxima dos convenios de colaboración.

Tendo en conta todo o que antecede, logo dos informes da Secretaría e da Intervención Xerais, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aprobar a seguinte “*ADDENDA PARA PRORROGAR AS ACTUACIÓNS OBXECTO DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA E O CONCELLO DE BARRO PARA LEVAR A CABO A EXECUCIÓN DA OBRA RECUPERACIÓN DO ESPAZO E MELLORA DA MOBILIDADE PEONIL NA E.P. 0508 CURRO – SAN AMARO AO SEU PASO POLA PRAZA DE SAN AMARO.*”

INTERVEÑEN

Dunha parte, María del Carmen Silva Rego, presidenta da Deputación Provincial de Pontevedra, actuando en virtude das competencias que lle atribúe o artigo 34.1.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Dontra parte, Xosé Manuel Fernández Abraaldes, alcalde do Concello de Barro, no exercicio das competencias que lle atribúe o artigo 124.1 e.4 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.



*Da fe da formalización Carlos Cuadrado Romay, secretario xeral da Deputación de Pontevedra.
As partes recoñécense mutuamente plena lexitimación, representación e a capacidade legal necesaria para subscribir a presente addenda ao Convenio de Colaboración e, con tal fin*

EXPOÑEN

I.- O 23 de xaneiro de 2021 a Deputación de Pontevedra e o Concello de Barro formalizaron un convenio co obxecto de establecer as bases da colaboración técnica e económica para a execución do proxecto “Recuperación do espazo e mellora da mobilidade peonil na E.P. 0508 Curro – San Amaro ao seu paso pola praza de San Amaro”.

II.- A cláusula novena do referido convenio establece que a vixencia do mesmo se estende ata o 31 de decembro de 2022 sendo prorrogable coa conformidade expresa das partes intervinientes.

III.- A Deputación presentou o 8 de novembro de 2021 unha solicitude de axuda para as actuacións obxecto do convenio ao abeiro do Real Decreto 692/2021, de 3 de agosto, polo que se regula a concesión directa de axudas para investimentos de proxectos singulares locais de enerxía limpa en concellos de reto demográfico (PROGRAMA DUS 5000)), no marco do Programa de Rexeneración e Reto Demográfico do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (BOE núm.185, de 4 de agosto de 2021). Esta solicitude está pendente de resolución.

Por todo o anteriormente exposto, as partes manifestan expresamente a vontade de asinar unha addenda ao Convenio de Colaboración co obxecto de prorrogar a súa vixencia e

PACTAN:

PRIMEIRO.- Estender ata o 31 de decembro de 2023 a vixencia do Convenio de Colaboración entre a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Barro para a execución do proxecto de “Recuperación do espazo e mellora da mobilidade peonil na E.P. 0508 Curro – San Amaro ao seu paso pola praza de San Amaro”.

A presente addenda entrará en vigor na data da súa sinatura.

SEGUNDO.- En todo o demais, o convenio asinado o 23 de xaneiro de 2021 mantense invariable, suxeitándose as partes ao establecido nas súas cláusulas.”

E para que así conste, en proba de conformidade, as partes asinan a presente addenda na data da sinatura dixital.
A presidenta da Deputación Provincial,
María del Carmen Silva Rego

O alcalde do Concello de Barro,
Xosé Manuel Fernández Abraldes

O secretario xeral da Deputación
Carlos Cuadrado Romay”

Segundo.- Aínda que a obra se presupón finalizada para principios do ano 2023, os efectos económicos do convenio entenderanse ata tres meses despois da liquidación do contrato da obra, unha vez rematado o período de garantía, que neste caso concreto son trinta e seis meses. Calquera incremento do custo neste período será financiado de conformidade cos coeficientes dispostos na cláusula terceira do convenio.



Asemade no caso de cumprirse as condicións establecidas no Real Decreto-lei 3/2022, do 1 de marzo, de medidas para a mellora da sustentabilidade do transporte de mercadorías por estrada e do funcionamento da cadea loxística, e polo que se traspoñe a Directiva (UE) 2020/1057, do 15 de xullo de 2020, pola que se fixan normas específicas con respecto á Directiva 96/71/CE e a Directiva 2014/67/UE para o desprazamento dos condutores no sector do transporte por estrada, e de medidas excepcionais en materia de revisión de prezos nos contratos públicos de obras, esta revisión excepcional, de habela, será financiada cos mesmos coeficientes de financiamento.

Terceiro. Facultar á presidenta para formalizar a addenda transcrita no punto anterior, mediante a súa sinatura.

Cuarto.- Notificarlle o presente acordo ao *Concello de Barro* e comunicarllo á Intervención, a Infraestruturas e Vías Provinciais e a Contratación.

8.32305.- APROBACIÓN DA 1ª ADDENDA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA E O CONCELLO DE TOMIÑO PARA A EXECUCIÓN DAS OBRAS DE “MELLORA DA MOBILIDADE PEONIL NO CAMIÑO ESCOLAR NA E.P. 3102 AO CEP PEDRO CASELLES DENDE O PQ. 0+000 ATA O PQ. 0+400”. (Expte.2021004544)

1. O 27 de xullo de 2021 a Deputación de Pontevedra e o *Concello de Tomiño* formalizaron un convenio establecendo as bases da colaboración técnica e económica para a execución do proxecto de obras de “*Mellora da mobilidade peonil no camiño escolar na E.P. 3102 ao CEP Pedro Caselles dende o pq. 0+000 ata o pq. 0+400*”, por importe de 286.235,07 € e con vixencia, conforme á súa cláusula novena, ata o 31 de decembro de 2022.

A distribución do financiamento é a seguinte:

	ACHEGA	%
Deputación de Pontevedra	200.364,55 €	70
Concello de Tomiño	85.870,52 €	30

A Deputación financiou a súa achega con cargo á aplicación 21/456.4530.612.02.

O Concello de Tomiño financia a súa achega con fondos propios.



2. A Deputación de Pontevedra solicitou) o 8 de novembro de 2021 ao Instituto para a Diversificación e Aforro da Enerxía (IDAE) unha axuda para as actuacións obxecto do convenio, ao abeiro do Real Decreto 692/2021, de 3 de agosto, polo que se regula a concesión directa de axudas para investimentos de proxectos singulares locais de enerxía limpa en concellos de reto demográfico (PROGRAMA DUS 5000), no marco do Programa de Rexeneración e Reto Demográfico do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (BOE núm.185, de 4 de agosto de 2021). Esta solicitude está na actualidade pendente de resolución.

3. O xefe dos Servizos Técnicos de Infraestruturas informou o 18 de outubro de 2022 que pese a que o prazo de execución da obra remata dentro do ano 2022 a tramitación derivada da execución da obra prolongarase ata o ano 2023 (recepción, medición, certificación final...), polo que é necesaria unha prórroga do convenio de colaboración para que o mesmo teña validez durante o vindeiro ano.

Consideracións legais e técnicas.

1ª Lexislación aplicable.

- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da administración local de Galicia (LALGA).
- Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais (TRLRFL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.
- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROFRXEL).

2ª A addenda está destinada a facilitar o remate e a entrega ao uso público das obras obxecto do convenio e a reformulación do financiamento de concederse a axuda solicitada ao IDAE, ao abeiro do Real Decreto 692/2021, de 3 de agosto, polo que se regula a concesión directa de axudas para investimentos de proxectos singulares locais de enerxía limpa en concellos de reto demográfico (PROGRAMA DUS 5000). Cumpre os requisitos esixidos no artigo 49 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público, dado que o convenio está vixente e a ampliación do prazo ata o 31 de decembro de 2023 atópase dentro dos límites legais no relativo á duración máxima dos convenios de colaboración.



Tendo en conta todo o que antecede, logo dos informes da Secretaría e da Intervención Xerais, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aprobar a seguinte “*ADDENDA PARA PRORROGAR AS ACTUACIÓNS OBXECTO DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA E O CONCELLO DE TOMIÑO PARA A EXECUCIÓN DAS OBRAS DE “MELLORA DA MOBILIDADE PEONIL NO CAMIÑO ESCOLAR NA E.P. 3102 AO CEP. PEDRO CASELLES DENDE O PQ. 0+000 ATA O PQ. 0+400”*”,

INTERVEÑEN

Dunha parte, María del Carmen Silva Rego, presidenta da Deputación Provincial de Pontevedra, actuando en virtude das competencias que lle atribúe o artigo 34.1.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Doutra parte, Sandra González Álvarez, alcaldesa do Concello de Tomiño, no exercicio das competencias que lle atribúe o artigo 124.1 e.4 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Da fe da formalización Carlos Cuadrado Romay, secretario xeral da Deputación de Pontevedra.

As partes recoñécense mutuamente plena lexitimación, representación e a capacidade legal necesaria para subscribir a presente addenda ao Convenio de Colaboración e, con tal fin

EXPOÑEN

I.- O 27 de xullo de 2021 a Deputación de Pontevedra e o Concello de Tomiño formalizaron un convenio co obxecto de establecer as bases da colaboración técnica e económica para a execución do proxecto de obras de “Mellora da mobilidade peonil no camiño escolar na E.P. 3102 ao CEP Pedro Caselles dende o pq. 0+000 ata o pq. 0+400”.

II.- A cláusula novena do referido convenio establece que a vixencia do mesmo se estende ata o 31 de decembro de 2022 sendo prorrogable coa conformidade expresa das partes intervinientes.

III.- A Deputación presentou o 8 de novembro de 2021 no Instituto para a Diversificación e Aforro da Enerxía (IDAE) unha solicitude de axuda para as actuacións obxecto do convenio, ao abeiro do Real Decreto 692/2021, de 3 de agosto, polo que se regula a concesión directa de axudas para investimentos de proxectos singulares locais de enerxía limpa en concellos de reto demográfico (PROGRAMA DUS 5000), no marco do Programa de Rexeneración e Reto Demográfico do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (BOE núm.185, de 4 de agosto de 2021). Esta solicitude está pendente de resolución.

IV.- Pese a que o prazo de execución da obra remata dentro do ano 2022, a tramitación derivada da execución da obra prolongarase ata o ano 2023.



Por todo o anteriormente exposto, as partes manifestan expresamente a vontade de asinar unha addenda ao Convenio de Colaboración co obxecto de prorrogar a súa vixencia e PACTAN:

PRIMEIRO.- Estender ata o 31 de decembro de 2023 a vixencia do Convenio de Colaboración entre a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Tomiño para a execución do proxecto de obras de mellora da mobilidade peonil no camiño escolar na E.P. 3102 ao CEP. Pedro Caselles dende o pq. 0+000 ata o pq. 0+400.

A presente addenda entrará en vigor na data da súa sinatura.

SEGUNDO.- En todo o demais, o convenio asinado o 27 de xullo de 2021 mantense invariable, suxeitándose as partes ao establecido nas súas cláusulas.

E para que así conste, en proba de conformidade, as dúas partes asinan a presente addenda na data da sinatura dixital.

*A presidenta da Deputación Provincial,
María del Carmen Silva Rego*

*A alcaldesa do Concello de Tomiño,
Sandra González Álvarez*

*O secretario xeral da Deputación,
Carlos Cuadrado Romay”*

E para que así conste, en proba de conformidade, as partes asinan a presente addenda na data de sinatura dixital.

Segundo.- Aínda que a obra se presupón finalizada para principios do ano 2023, os efectos económicos do convenio entenderanse ata tres meses despois da liquidación do contrato da obra, unha vez rematado o período de garantía, que neste caso concreto son trinta e seis meses. Calquera incremento do custo neste período será financiado de conformidade cos coeficientes dispostos na cláusula terceira do convenio.

Asemade no caso de cumprirse as condicións establecidas no Real Decreto-lei 3/2022, do 1 de marzo, de medidas para a mellora da sustentabilidade do transporte de mercadorías por estrada e do funcionamento da cadea loxística, e polo que se traspoñe a Directiva (UE) 2020/1057, do 15 de xullo de 2020, pola que se fixan normas específicas con respecto á Directiva 96/71/CE e a Directiva 2014/67/UE para o desprazamento dos condutores no sector do transporte por estrada, e de medidas excepcionais en materia de revisión de prezos nos contratos públicos de obras, esta revisión excepcional, de habela, será financiada cos mesmos coeficientes de financiamento.

Terceiro.- Facultar á presidenta para formalizar a addenda transcrita no punto anterior, mediante a súa sinatura.

Cuarto.- Notificarlle o presente acordo ao Concello de Tomiño, comunicarllo á Intervención, a Infraestruturas e Vías Provinciais e a Contratación.



9.32306.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE TRANSFERENCIA DE CRÉDITO NÚMERO 37/2022. (Expte. 2022069294)

A Xefa do Servizo de Cooperación cos Municipios e a Arquitecta, Sara Piñón Estévez, do Servizo de Arquitectura, a través de escrito asinado con data, 16 de novembro de 2022, poñen de manifesto que é necesario incrementar o crédito da aplicación orzamentaria 22/457.4500.632.03 debido a que se está a tramitar un expediente para realizar melloras na Casa de Combarro que figura como ben patrimonial da Deputación de Pontevedra. Así mesmo no citado escrito informan que a aplicación 22/942.4331.622.00 conta con un crédito dispoñible de 180.000,00 €, con destino ao Centro de Apoio Empresarial, sito no Polígono Outeda-Curro (Barro), e a data actual as actuacións neste Centro están pendentes da súa valoración definitiva, polo que propoñen efectuar a tramitación dunha transferencia de crédito entre as citadas aplicacións do vixente orzamento provincial, incrementando o crédito da aplicación 22/457.4500.632.03 (Edificios e outras construcións, melloras do patrimonio (Arquitectura) en 180.000,00 €, e minorando o crédito da aplicación 22/942.4331.622.00 (Edificios e outras construcións, C.A.S. (Cooperación) polo mencionado importe.

Resultando que a Intervención emite informe, con data 18 de novembro de 2022, no que deixa constancia de que a proposta que efectúan a Xefa do Servizo do Servizo de Cooperación cos Municipios e a Arquitecta, Sara Piñón Estévez, do Servizo de Arquitectura para realizar este expediente de transferencia de crédito por importe global de 180.000,00 €, cumpre os requisitos previstos na normativa aplicable, e dicir, as variacións de crédito propostas non afectan a créditos nados como consecuencia de ampliación nin expedientes de crédito extraordinario concedidos durante o exercicio, e non se minoran créditos que fosen incrementados con suplementos, transferencias, ou incorporados como remanentes non comprometidos procedentes de orzamentos pechados, ou , de selo, afectan a créditos de persoal, aos programas de imprevistos e funcións non clasificadas ou veñen provocados por reorganizacións administrativas.

Resultando que pola Intervención comprobouse a existencia de crédito dentro da aplicación orzamentaria 22/942.4331.622.00 (Edificios e outras construcións, C.A.S. (Cooperación) que minora o seu crédito, emitindo o documento de retención de crédito número de operación 202200231029, polo importe en que se minora, e dicir en 180.000,00 €.

Considerando o establecido nos artigos 179,180 e concordantes do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais (T.R.L.R.H.L.), así como nos artigos 40,41, 42 e concordantes do Real decreto 500/90 de 20 de abril e nas Bases nº 7 e 10 de execución do vixente orzamento provincial.

Considerando que o órgano competente para aprobar o expediente é a Xunta de Goberno por tratarse de transferencias de crédito pertencentes á mesma área de gasto pero xestionados por centros xestores distintos (Base 10ª apartado. 3.b).



A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Aprobar o expediente de transferencia de crédito número 37/2022 por importe total de 180.000,00€, minorando e aumentando o crédito nos importes e nas aplicacións orzamentarias que se detallan a continuación:

APLICACIÓN QUE MINORA CRÉDITO

CÓDIGO	DENOMINACIÓN	IMPORTE
22/942-4331-622.00	Edificios e outras construcións, C.A.S. (Cooperación)	180.000,00 €
	Total.....	180.000,00 €

APLICACIÓN QUE AUMENTAN CRÉDITO

CÓDIGO	DENOMINACIÓN	IMPORTE
22/457-4500-632.03	Edificios e outras construcións, melloras do patrimonio (Arquitectura).	180.000,00 €
	Total.....	180.000,00 €

10.32307.- APROBACIÓN DO PROXECTO DE EXECUCIÓN DA OBRA "MELLORA DAS INTERSECCIÓN E ACONDICIONAMENTO NO ENTORNO DA ESTRADA DO VAO, EP-2003 (CONCELLO DE VIGO)". (Expte. 2022049078)

Resultando.- Que no desenvolvemento da súa competencia, a Deputación presentou en xaneiro de 2016 o seu Decálogo de Criterios para as novas actuacións nas vías provinciais co fin de actuar acorde coas demandas urbanísticas, ambientais e sociais, de máximo respecto ao territorio e ao patrimonio construído aumentando a seguridade viaria en toda a rede de estradas da provincia.

Resultando.- Que a E.P. 2003 CORUXO-CANIDO no termo municipal de Vigo pertence á rede provincial de estradas da Deputación de Pontevedra, tamén e coñecida como Estrada do Vao e sitúase entre a Rúa Canido e a Estrada de Camposancos, atravesada pola Avenida de Ricardo Mella, na Parroquia de Coruxo de Vigo, cunha lonxitude de 1,6 km.

Resultando.- Que recentemente, a Deputación de Pontevedra fixo unha serie de adecuacións puntuais en partes da rúa en coordinación co Concello de Vigo. Estas consistiron na mellora da mobilidade e seguridade peonil mediante a instalación de novos pasos de peóns elevados e bolardos, así como a mellora da circulación motorizada conseguida mediante o reasfaltado e pintado do firme da calzada, sen incluír outras actuacións na beirarrúa nin sobre as interseccións cos viarios adxacentes.

Resultando.- Que as obras que se pretenden levar a cabo encádranse dentro dunha serie de actuacións de renovación e modernización de espazos urbanos, con similares características ás levadas a cabo en distintas áreas consolidadas da cidade de Vigo. Contémpnanse as actuacións necesarias para acondicionar e mellorar o entorno da estrada de O Vao, buscando dotar de continuidade e accesibilidade ós itinerarios peonís.



Resultando.- Que a Deputación de Pontevedra non dispón dos medios humanos e técnicos necesarios para poder levar a cabo a execución da obra, polo que deberá adxudicarse a unha empresa externa mediante procedemento de contratación pertinente.

Resultando.- Que na súa consecuencia recibíuse no Servizo de Contratación providencia do Deputado Delegado da área de Infraestruturas e Vías Provinciais, solicitando iniciar a tramitación do expediente para adxudicar o contrato de obras “*Mellora das interseccións e acondicionamento no entorno da estrada do Vao, EP-2003 (Concello de Vigo)*”.

Resultando.- Que sendo necesario definir de forma clara e precisa o obxecto do contrato antes da licitación, redactouse pola enxeñeira Trinidad López Rodríguez, adscrita á empresa Galaicontrol, o proxecto de execución da obra “*Mellora das interseccións e acondicionamento no entorno da estrada do Vao, EP-2003 (Concello de Vigo)*” cun orzamento base de licitación de 280.000,00 € IVE incluído. A este proxecto asignóuselle o código (CSV) H15XYZA9MKQYVK89.

Resultando.- Que pola Intervención emitiuse documento RC por importe de 280.000,00 €, con número de operación 202200195113 con cargo á vinculación xurídica da aplicación orzamentaria 22/456.4530.612.01 do vixente orzamento provincial.

Resultando.- Que con data 15/11/2022 emitiu informe a xefa do Servizo de Fiscalización recollendo o seguinte: “*...infórmase favorablemente o expediente...*”

Resultando.- Que consta no expediente informe de supervisión do proxecto favorable, emitido polo xefe dos servizos técnicos do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais con (CSV): QUFWAMV1E29NAFLP

Considerando.- Que o artigo 231 da LCSP establece que: “*...a adxudicación dun contrato de obras requirirá a previa elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do correspondente proxecto que definirá con precisión o obxecto do contrato. A aprobación do proxecto corresponderá ó órgano de contratación...*”

Considerando.- Todo o recollido no Título II, Capítulo I, sección 1ª da LCSP, referente ás actuacións preparatorias do contrato de obras.

Considerando.- Que a disposición adicional segunda da LCSP no seu apartado 1, faculta á Ilma. Sra. Presidenta para actuar como órgano de contratación, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e o establecido nas bases de execución do orzamento provincial, concretamente na Base 16ª. 2 a) onde figura que lle compete á Xunta de Goberno autorizar e comprometer os gastos precisos para contratación que sendo competencia da Presidencia, superen para o contrato de obras o importe de douscentos mil euros.



A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Aprobar o proxecto de execución da obra “*Mellora das interseccións e acondicionamento no entorno da estrada do Vao, EP-2003 (Concello de Vigo)*”, redactado pola enxeñeira Dona Trinidad López Rodríguez, adscrita á empresa Galaicontrol, cun orzamento base de licitación de 280.000,00€ IVE incluído. A este proxecto asignóuselle o código (CSV) T1Z5WXCPXN5NHU2I.

11.32308.- APROBACIÓN DA SEGUNDA PRÓRROGA DO CONTRATO DO “SERVIZO DE IMPLANTACIÓN, FORMACIÓN, SOPORTE E MANTEMENTO DUNHA SOLUCIÓN DE ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA PARA ENTIDADES LOCAIS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA”. (Expte. 2020029219).

Na sesión ordinaria do día 5 de febreiro de 2021, a Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra adxudicou o contrato de *servizo de implantación, formación, soporte e mantemento dunha solución de administración electrónica para entidades locais da provincia de Pontevedra* á empresa ESPUBLICO SERVICIOS PARA LA ADMINISTRACIÓN, S.A. (CIF: A-50.878.842) polos prezos e valor es ofertados, conforme ao seguinte detalle:

Prezos (*obtidos unha vez aplicada a porcentaxe de desconto ofertada do 0,00 % sobre os prezos de licitación*):

Rango de poboación (nº habitantes)	Prezo unitario anual sen IVE	IVE (21%)	Prezo unitario anual co IVE	Unidades estimadas
De 501 a 1.000	3.305,79 €	694,21 €	4.000,00 €	1
De 1.001 a 1.500	3.305,79 €	694,21 €	4.000,00 €	1
De 1.501 a 2.000	3.305,79 €	694,21 €	4.000,00 €	2
De 2.001 a 3.000	3.305,79 €	694,21 €	4.000,00 €	8
De 3.001 a 5.000	4.958,68 €	1.041,32 €	6.000,00 €	11
De 5.001 a 7.500	8.264,46 €	1.735,54 €	10.000,00 €	9
De 7.501 a 10.000	8.264,46 €	1.735,54 €	10.000,00 €	5
De 10.001 a 15.000	11.570,25 €	2.429,75 €	14.000,00 €	6
De 15.001 a 20.000	14.876,03 €	3.123,97 €	18.000,00 €	6
De 20.001 a 30.000	18.181,82 €	3.818,18 €	22.000,00 €	5
Mancomunidades Locais	2.479,34 €	520,66 €	3.000,00 €	4
Entidades Locais Menores	1.446,28 €	303,72 €	1.750,00 €	6



O contrato formalizouse en documento administrativo de data 11 de marzo de 2021 e o prazo de duración é de un ano, a contar desde a data da súa formalización, con posibilidade de dúas prórrogas de un ano cada unha delas.

A Xunta de Goberno na sesión ordinaria do día 23 de decembro de 2021 acordou a aprobación da primeira prórroga do contrato para o período do 11 de marzo de 2022 ata o 10 de marzo de 2023.

Con data 25 de outubro de 2022 o Xefe do Servizo de Novas Tecnoloxías, emite informe no que se solicita prorrogar o devandito contrato polo período de un ano, con efectos de 11 de marzo de 2023 ata o 10 de marzo de 2024.

Tendo en conta que o apartado 4.2 das cláusulas xerais do prego de cláusulas económico administrativas, de conformidade co previsto no artigo 29.2 da LCSP establece que *“A prórroga será obrigatoria para a ou o empresario, sempre que o seu preaviso se produza con dous (2) meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato. Non será obrigatorio o referido preaviso no caso de que a duración do contrato sexa inferior a dous (2) meses. En ningún caso poderase producir a prórroga polo consentimento tácito das partes”*.

Tendo en conta que se formulou o preaviso de prórroga do contrato en data 19 de outubro de 2022 (data de comparecencia: 20/10/2022), e en todo caso con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato.

Tendo en conta que para dita prórroga, de conformidade coa LCSP, faise necesario que o órgano de contratación adopte acordo expreso ao respecto, previo informe do secretario xeral da Corporación, o cal é preceptivo segundo a súa disposición adicional terceira.

Tendo en conta que, con data 28 de outubro do 2022, a Intervención emitiu documentos de retención de crédito para exercicios futuros con número de operación 202200214710, polo importe de 464.977,14 euros, e número de operación 202200214713, polo importe de 113.522,86 euros, con cargo ás aplicacións orzamentarias 23/926.9260.227.06 e 24/926.9260.227.06 respectivamente, para atender ás obrigas económicas que resulten dos servizos que se realicen ao abeiro da prórroga do presente contrato durante os anos 2023 e 2024.

De conformidade co informe conxunto do servizo de Contratación, a Secretaría e a Intervención, de data 17 de novembro do 2022, que conclúe o seguinte:

“En atención ao exposto e, destacadamente, do informe do responsable do contrato, infórmase favorablemente a proposta de segunda prórroga deste contrato por unha anualidade, desde o 11 de marzo do 2023 ao 10 de marzo de 2024.

O órgano que ostenta a competencia resolver a presente ampliación de prazo é a Xunta de Goberno. O acordo ha de tomarse antes da seguinte data: 11 de marzo de 2023.”



Considerando que a disposición adicional segunda da Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público, no seu apartado 1, faculta a Presidencia para actuar como órgano de contratación con competencia respecto deste contrato, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e o establecido nas bases de execución do orzamento provincial, concretamente na Base 16^a. 2 a),

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Aprobar a segunda prórroga do contrato do “*Servizo de implantación, formación, soporte e mantemento dunha solución de administración electrónica para entidades locais da provincia de Pontevedra*” subscrito coa empresa ESPUBLICO SERVICIOS PARA LA ADMINISTRACIÓN, S.A. (CIF: A50878842), durante o período desde o 11 de marzo de 2022 ó 10 de marzo de 2023, permanecendo inalterables os termos das condicións contractuais que o rexen.

O importe do gasto é para a toda a duración da prórroga do contrato (desde o 11 de marzo de 2023 ó 10 de marzo de 2024) e financiarase con cargo ás seguintes aplicacións orzamentarias:

Anualidade	Aplicación orzamentaria	Importe (con IVE)
2023	926.9260.227.06	464.977,14 €
2024	926.9260.227.06	113.522,86 €

Os importes dos gastos correspondentes a anualidade 2023 e 2024 quedarán condicionados a aprobación do orzamento do respectivo exercicio e a existencia de crédito adecuado e suficiente nas correspondentes aplicacións orzamentarias.

12.32309.- APROBACIÓN DA PRÓRROGA DO CONTRATO BASEADO NO ACORDO MARCO 21/2020 PARA A “SUBMINISTRACIÓN DE COMBUSTIBLES EN ESTACIONES DE SERVICIO”. (Expte.2021020591)

A Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra na súa sesión ordinaria do día 18 de xuño de 2021, adxudicou o contrato de subministración de combustible para os vehículos do parque móbil e maquinaria da Deputación de Pontevedra, mediante un contrato baseado no Acordo Marco 21/2020 para a “Subministración de combustibles en estacións de servizo”, da Dirección Xeral de Racionalización e Centralización de Contratación do Estado á empresa SOLRED, S.A. (NIF: A-79.707.345).

Con data 16 de novembro de 2022, o Xefe do servizo de Contratación, emite informe no que se solicita prorrogar o devandito contrato polo período dun ano, con efectos dende o 1 de xaneiro de 2023 ata o 31 de decembro de 2023.

De conformidade coa cláusula II do documento de licitación, o contrato prevé a posibilidade dunha (1) prórroga dun ano de duración.



Tendo en conta que se formulou o preaviso de prórroga do contrato á empresa SOLRED, S.A. (NIF: A-79.707.345) en data 21 de setembro de 2022 (data de comparecencia: 21/09/2022), e en todo caso con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato.

Tendo en conta que para dita prórroga, de conformidade coa LCSP, faise necesario que o órgano de contratación adopte acordo expreso ao respecto, previo informe do secretario xeral da Corporación, o cal é preceptivo segundo a súa disposición adicional terceira.

Tendo en conta que, con data 17 de novembro do 2022, a Intervención emitiu documentos de retención de crédito para exercicios futuros, polo importe de 314.385,49 €, con cargo ás seguintes aplicacións orzamentarias:

	CENTRO XESTOR	APLICACIÓN ORZAMENTARIA	Importe total (con IVE)	Nº de operación
2023	CENTRO PRINCIPE FELIPE	232.2312.221.03	26.177,00 €	202200235828
	ORAL	932.9320.221.03	876,85 €	202200235829
	ARQUIVO	332.3322.221.03	1.667,25 €	202200235830
	COOPERACION	942.4330.221.03	2.717,00 €	202200235831
	SAIM	923.1623.221.03	12.882,89 €	202200235832
	MEDIO AMBIENTE	410.4100.221.03	8.204,60 €	202200235833
	E.F. AREEIRO	413.4123.221.03	3.874,70 €	202200235834
	FINCA MOURISCADE	411.4120.221.03	3.275,70 €	202200235837
	INFRAESTRUCTURAS E VÍAS PROVINCIAIS	456.4530.221.03	192.415,00 €	202200235835
	PARQUE MÓBIL	920.9200.221.03	62.294,50 €	20220023582836

De conformidade co informe conxunto do servizo de Contratación, Secretaría e Intervención, de data 21 de novembro do 2022, que conclúe o seguinte:

“En atención ao exposto e, destacadamente, do informe do responsable do contrato, infórmase favorablemente a proposta de prórroga do contrato baseado por 12 meses desde o 1 de xaneiro 2023 ata o 31 de decembro de 2023.

O órgano que ostenta a competencia para resolver a presente ampliación de prazo é a Xunta de Goberno. O acordo ha de tomarse antes da seguinte data: 30 de novembro de 2022”

Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á presidenta para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16ª.2a),



que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de subministracións que superen o importe de 60.000,00 euros, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Aprobar a prórroga do contrato baseado no Acordo Marco 21/2020 para a “*Subministración de combustibles en estacións de servizo*”, da Dirección Xeral de Racionalización e Centralización de Contratación do Estado suscrito coa empresa SOLRED, S.A. (NIF: A-79.707.345), durante o período 1 de xaneiro de 2023 ata o 31 de decembro de 2023, permanecendo inalterables os termos das condicións contractuais que o rexen.

O importe do gasto é para a duración da prórroga do contrato (desde 1 de xaneiro de 2023 ata o 31 de decembro de 2023) financiarase con cargo ás seguintes aplicacións orzamentarias:

	CENTRO XESTOR	APLICACIÓN ORZAMENTARIA	Importe total (con IVE)
2023	CENTRO PRINCIPE FELIPE	232.2312.221.03	26.177,00 €
	ORAL	932.9320.221.03	876,85 €
	ARQUIVO	332.3322.221.03	1.667,25 €
	COOPERACION	942.4330.221.03	2.717,00 €
	SAIM	923.1623.221.03	12.882,89 €
	MEDIO AMBIENTE	410.4100.221.03	8.204,60 €
	E.F. AREEIRO	413.4123.221.03	3.874,70 €
	FINCA MOURISCADE	411.4120.221.03	3.275,70 €
	INFRAESTRUCTURAS E VÍAS PROVINCIAIS	456.4530.221.03	192.415,00 €
	PARQUE MÓBIL	920.9200.221.03	62.294,50 €

O importe do gasto correspondente a anualidade 2023 quedará condicionado a aprobación do orzamento do respectivo exercicio e a existencia de crédito adecuado e suficiente na correspondente aplicación orzamentaria.

13.32310.- APROBACIÓN DA REVISIÓN EXCEPCIONAL DE PREZOS DO CONTRATO DERIVADO 2021022302 CORRESPONDENTE AS OBRAS NA ZONA E - LOTE 5 DO “ACORDO MARCO QUE REGULA A CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE CONSERVACIÓN DE FIRMES NA REDE VIARIA DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA”. (Expte. 2021022302)

O Pleno da Corporación Provincial na súa sesión ordinaria do día 26 de marzo de 2021, acordou adxudicar o “Acordo marco para a contratación das obras de conservación de firmes na rede viaria da Deputación de Pontevedra, Zona E – Lote 5” á empresa CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.



A Xunta de Goberno de data 18 de xuño de 2021, adxudicou o “Contrato derivado das obras na ZONA E- lote 5 do Acordo marco de conservación de firmes na rede viaria” do polo importe 723.060,57 € IVE incluído.

Con data 13 de abril de 2022 a empresa CONSTRUCCIONES FECHI, S.L. presenta por rexistro (WEB2022022366) unha solicitude de revisión excepcional de prezos para o dito contrato derivado da Zona E- Lote 5.

Analizada a solicitude, e vistas as diferentes interpretacións do Real Decreto-lei 3/2022, do 1 de marzo, de medidas para a mellora da sustentabilidade do transporte de mercadorías por estrada e do funcionamento da cadea loxística, e polo que se traspón a Directiva (UE) 2020/1057, do 15 de xullo de 2020 (de agora en diante, Real Decreto-lei 3/2022), que permite a revisión excepcional de prezos, e da modificación operada pola Real Decreto-lei 6/2022, do 29 de marzo, polo que se adoptan medidas urxentes no marco do Plan Nacional de resposta ás consecuencias económicas e sociais da guerra en Ucraína, e das dificultades na súa aplicación; a Deputación de Pontevedra realiza unha consulta á Xunta Consultiva de Contratación Pública do Estado, con data 13 de xuño de 2022, sobre diversas cuestións de aplicación da revisión excepcional de prezos nos contratos de obra.

Polo servizo técnico de Infraestruturas emítese informe, con data 17 de outubro de 2022(CSV: 2EU6RH8WQH5BB1BL) no que se sinala que:

- *“Trátase dun contrato derivado dun acordo marco, acordo que foi formalizado o día 04/05/2021 logo de que o día 20/01/2021 rematara o prazo para presentar as ofertas. Neste acordo marco quedan os prezos fixados de forma invariable durante toda a súa vixencia (a cal é dun ano prorrogable ata catro) determinando en consecuencia o índice de referencia a partir do cal debe establecerse a procedencia dun expediente de revisión de prezos.
O solicitante propón a fórmula de revisión de prezos nº 153. Dado que nin no proxecto construtivo nin no PCAP se determina a fórmula de revisión de prezos a empregar, logo do análise das diferentes fórmulas-tipo xerais de revisión de prezos dos contratos de obras aprobadas polo RD 1359/2011 do 7 de outubro, dende o Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais se considera que a fórmula nº 153, coincidente neste caso coa proposta na solicitude, é a que houbera correspondido ó contrato. Xúntase revisión efectuada.*
- *O solicitante aporta xustificación do requisito do artigo 7.1 do RDL 3/2022, de 1 de marzo, sobre a existencia dun incremento do coste de materiais siderúrxicos, materiais bituminosos, aluminio ou cobre, maior do 5 por cento do importe certificado do contrato, utilizando a fórmula 153. Unha vez revisada a xustificación do solicitante, dende o Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais se considera que utilizando a fórmula 153 cúmprese dito requisito, obtendo un incremento do 5,80%. Xúntase revisión efectuada.*
- *O solicitante aporta unha xustificación do importe de revisión de prezos a abonar, resultando 41.930,61 €. Unha vez revisada a xustificación do solicitante, dende o Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais se considera que non se está aplicar a fórmula (nº 153) de forma adecuada no cálculo das cantidades revisadas, xa que usa o mesmo procedemento que para comprobar o requisito de incremento de costes maior do 5 por cento. Xúntanse os cálculos xustificativos corrixidos usando a fórmula nº 153 determinando que a revisión de prezos que procedería é de 43.266,50 € con IVE .*



- *A acta de recepción das obras formalizouse o día 04/03/2022. Non foi emitida certificación final das obras, sendo o prazo límite para tela aprobado de 3 meses segundo o art.243.1 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público. En consecuencia, o día 04/06/2022 determina a finalización do contrato derivado de obras ós efectos do cumprimento do prazo sinalado no art. 9.1 do RDL 3/2022, de 1 de marzo, prazo que se cumpre dado que a solicitude de revisión de prezos foi realizada o día 13/04/2022.”*

Con data 08/11/2022, a Intervención certifica a existencia de crédito dispoñible na aplicación orzamentaria 22/456.4530.612.01 do vixente orzamento provincial, quedando retido ou importe de 43.266,50 €, mediante ou documento de retención de crédito núm. 202200220270.

Trasladado ou expediente á Intervención ó obxecto de ser fiscalizado nos termos previstos na Lei 47/2003, de 26 de novembro. A Intervención, con data 09/11/2022, informa que favorable á proposta de aprobación da revisión excepcional de prezos de 43.266,50 € coas seguintes observacións:

“A contía resultante da revisión aplicarase na certificación final da obra como partida adicional con pleno respecto á lexislacións orzamentaria”

Considerando o previsto no artigo 103 e seguintes de Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, sobre a revisión de prezos contratos.

Considerando que o Real Decreto-lei 3/2022, que prevé, no seu Título II, medidas de carácter extraordinario para permitir unha revisión excepcional dos prezos dos contratos públicos de obras afectados pola subida dos prezos dos materiais.

Considerando que o día 30 de marzo de 2022, publicouse en BOE/BOE a Real Decreto-lei 6/2022, do 29 de marzo, polo que se adoptan medidas urxentes no marco do Plan Nacional de resposta ás consecuencias económicas e sociais da guerra en Ucraína, na Disposición final trixésima sétima, modifica os artigos 6 , 7 , 8 e 9 da Real Decreto-lei 3/2022, do 1 de marzo.

Considerando o Real Decreto-lei 14/2022, do 1 de agosto, de medidas de sustentabilidade económica no ámbito do transporte, en materia de bolsas e axudas ao estudo, así como de medidas de aforro, eficiencia enerxética e de redución da dependencia enerxética do gas natural, que volve modificar o artigo 6 do Real Decreto-lei 3/2022, do 1 de marzo, relativo aos casos susceptibles de revisión excepcional de prezos nos contratos de obras.

Considerando as formulas do anexo II do Real Decreto 1359/2011, do 7 de outubro, polo que se aproba a relación de materiais básicos e as fórmulas-tipo xerais de revisión de prezos dos contratos de obras e de contratos de subministración de fabricación de armamento e equipamento das Administracións Públicas.



Considerando que a Disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público, non seu apartado 1, faculta á Ilma. Presidenta para actuar coma órgano de contratación respecto deste contrato, e tendo en conta ou disposto non artigo 185 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba ou Texto refundido dá Lei reguladora das facendas locais e ou establecido nas bases de execución do orzamento provincial.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Aprobar a revisión de prezos excepcional do “Contrato derivado de obras na ZONA E- Lote 5, do Acordo marco para a contratación das obras de conservación de firmes na rede viaria da Deputación de Pontevedra”, adxudicado á empresa CONSTRUCCIONES FECHI, S.L. (B36258861), aplicando a fórmula nº 153 recollida no do Real Decreto 1359/2011, do 7 de outubro, polo que se aproba a relación de materiais básicos e as fórmulas-tipo xerais de revisión de prezos dos contratos de obras e de contratos de subministración de fabricación de armamento e equipamento das Administracións Públicas.

Aplicada a fórmula de revisión de prezos resulta un importe de revisión de 43.266,50 €, IVE incluído.

2.-Autorizar e dispoñer o gasto para o pago da revisión excepcional de prezos a favor da empresa CONSTRUCCIONES FECHI, S.L. (B36258861) por *importe* 43.266,50 € con cargo á aplicación orzamentaria 22/456.4530.612.01 do vixente Orzamento Provincial.

14.32311.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PARA A ADXUDICACIÓN MEDIANTE PROCEDIMENTO NEGOCIADO SEN PUBLICIDADE E EXCLUSIVIDADE, DOS SERVIZOS PUBLICITARIOS CON LÉREZ EDICIONES, S.L. PARA A ANUALIDADE 2023. (Expte. 2022062668)

A Deputación de Pontevedra, a través do servizo de Comunicación Institucional, traballa para impulsar e fortalecer a imaxe da institución provincial, coordinando todas as accións comunicativas que contribúan a transmitir unha imaxe coherente, transparente, clara e unificada.

O servizo de Comunicación Institucional encárgase da difusión da actividade da institución provincial a través de múltiples soportes entre os que destacan os medios de comunicación. O obxectivo final é dar a coñecer á cidadanía as principais tarefas que a institución provincial leva a cabo co obxectivo de satisfacer as súas necesidades e achegar a administración ó administrado.

Por Resolución Presidencial de 23 de setembro de 2022 número 2022006769 foi aprobado o Plan de Comunicación 2023 da Deputación de Pontevedra, co obxectivo de planificar as accións a desenvolver tendo en conta os seguintes aspectos: Importancia da comunicación nas administracións públicas e desenvolvemento de tarefas dentro do servizo de comunicación institucional, análise dos medios de comunicación na provincia de Pontevedra e aspectos a ter en conta á hora de planificar as diferentes campañas. No apartado referido a medios de comunicación na provincia de



Pontevedra cítanse entre outros *Lérez Ediciones, S.L.* como medio apropiado para dar difusión ás diferentes campañas que porá en marcha a institución provincial.

A xefa do servizo de Comunicación Institucional, co visto e prace do deputado delegado, propón, mediante informe de data 26 de outubro de 2022, a contratación da prestación de servizos publicitarios con *Lérez Ediciones, S.L.* para a anualidade 2023, por exclusividade. Achégase por parte da empresa un certificado de dereitos de exclusividade.

O contrato proposto ten un orzamento de licitación de 160.000,00 €, con cargo á aplicación orzamentaria 23/924.9200.226.02 “Publicidade e propaganda” do orzamento provincial do 2023, condicionado á aprobación de dito orzamento e á existencia de crédito adecuado e suficiente na aplicación orzamentaria.

Resultando que pola Intervención emitíuse documento RCFUT1 nº 202200217282 por importe de 160.000,00 €, con cargo á aplicación orzamentaria 23/924.9200.226.02 “Publicidade e propaganda” do orzamento provincial do ano 2023, e quedando o gasto condicionado á aprobación de dito orzamento e á existencia de crédito adecuado e suficiente na aplicación orzamentaria.

Asemade, na memoria xustificativa de data 14 de novembro de 2022, (csv: 0Y97308FT81DTFRN) o Xefe do servizo de Contratación xustifica que o réxime xurídico do contrato é o administrativo de servizos, así como a elección do procedemento de adxudicación negociado sen publicidade e exclusividade (art. 168 LCSP), e de acordo co disposto no artigo 116 do Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP).

O servizo de Contratación elabora o borrador de prego de cláusulas económico-administrativas particulares e, con data 4 de novembro de 2022 solicita o preceptivo informe ao secretario xeral da Deputación. O secretario xeral, con data 9 de novembro de 2022, informa favorablemente o expediente “*sempre que se teñan en conta as consideracións formuladas e relativas ao cumprimento do Plan de Comunicación e que exista un reparto equitativo entre os medios*”.

Con data 9 de novembro de 2022, o servizo de Contratación solicita o preceptivo informe de fiscalización á Intervención, nos termos previstos na Lei 47/2003, de 26 de novembro, Xeral Orzamentaria, que, con data 2 de decembro de 2021, informa favorablemente o expediente (csv: ZXUXCXFKC5PT93GE) coas seguintes observacións e recomendacións:

“A data de hoxe, o importe acumulado das retencións de crédito futuras para o exercicio 2023, dentro da aplicación de “Publicidade e propaganda” do Servizo de Comunicación Institucional, xa supera o importe inicialmente aprobado polo Pleno da Corporación, na súa sesión extraordinaria do día 21 de outubro do 2022, no orzamento de 2023 para este concepto, o cal debe terse en conta polo centro xestor do gasto, xa que a retención de crédito a nivel de bolsa supón a diminución do crédito dispoñible para a realización doutros gastos imputables á mesma e a efectos de evitar situacións de inexistencia ou insuficiencia de crédito para gastos necesarios xa a principios do exercicio de 2023.”



Sería aconsellable que se utilizase o procedemento aberto neste tipo de contratos de publicidade para garantir unha maior obxectividade e un mellor prezo. Non obstante, como non se requiren os servizos dunha axencia de publicidade ó contar a Deputación con medios propios, resulta difícil a utilización do citado procedemento. De optarse pola continuidade no emprego deste tipo de procedemento (negociado sen publicidade e exclusividade), sería convinte dispoñer dun plan de medios máis detallado que delimite medios e contías en base a parámetros obxectivos, tal como se sinala tamén no informe de Secretaría.

Tamén cabe sinalar que, para o pago da correspondente factura que derive deste contrato, terase en conta que non se está incorrendo nos supostos do art. 4 da LPCI, no que prohibe expresamente, entre outros, as campañas institucionais de publicidade e de comunicación que teñan como finalidade destacar os logros de xestión ou os obxectivos alcanzados pola Administración, en caso contrario, suporía unha infracción legal. “

Tendo en conta o artigo 17 LCSP, que establece que son contratos de servizos aqueles cuxo obxecto son prestacións de facer consistentes no desenvolvemento dunha actividade ou dirixidas a obtención dun resultado distinto dunha obra ou subministración.

Tendo en conta que o artigo 168 LCSP permite aplicar o procedemento negociado sen publicidade para a adxudicación dos contratos de servizos, cando soamente poidan ser encomendados a un empresario determinado por razóns de protección de dereitos exclusivos, incluídos os dereitos de propiedade intelectual e industrial.

Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á presidenta para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16ª.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de servizos que superen o importe de 60.000,00 euros (IVE incluído), a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Aprobar o expediente para a contratación, mediante procedemento negociado sen publicidade por exclusividade, dos servizos publicitarios con *Lérez Ediciones, S.L.* para a anualidade 2023.

O prazo de duración será desde o 1 de xaneiro ata o 31 de decembro de 2023. Se a sinatura do contrato é posterior ao 1 de xaneiro considerarase como data de comezo a da súa sinatura.

O orzamento base de licitación (límite máximo de gasto, incluído o IVE) ascende á cantidade de 160.000,00 €.

O valor estimado é de 132.231,40 €.



2.- Aprobar os pregos de cláusulas económico-administrativas particulares (csv: UOEOQJ9GS2TFNM9G) e de prescricións técnicas (csv: 9MV8SIGDUPUNO398) que rexerán dita contratación.

3.- Autorizar o gasto polo importe máximo de 160.000,00 €a financiar con cargo á aplicación orzamentaria 924.9200.226.02 “Publicidade e propaganda” do orzamento provincial do ano 2023, quedando o gasto condicionado á aprobación de dito orzamento e á existencia de crédito adecuado e suficiente na aplicación orzamentaria.

4.- Nomear responsable do contrato á Xefatura do Servizo de Comunicación Institucional da Deputación Provincial ou persoa en quen delegue.

5.- Iniciar o procedemento de negociación para adxudicar o referido contrato, dando traslado deste acordo, xunto cunha copia dos pregos de condicións económico-administrativas e de prescricións técnicas, á empresa *Lérez Ediciones, S.L.* (CIF: B36003549), invitándoa a presentar proposición, no caso de estar interesada, ata as 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do prazo de dez días naturais, contado desde a data do envío da invitación a través da plataforma licitación electrónica (VORTAL).

15.32312.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PARA ADXUDICACIÓN DO CONTRATO BASEADO NO ACORDO MARCO 13/2018 DA CENTRAL DE CONTRATACIÓN DO ESTADO PARA A “SUBMINISTRACIÓN DUN SISTEMA DE SERVIDORES PARA A DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA”. (Expte. 2022043170)

A Deputación de Pontevedra dispón actualmente dun sistema de servidores físicos UCS do fabricante Cisco repartidos entre seus dous CPD, o principal, en adiante CPDP e o de respaldo, en adiante CPDR. Estes servidores físicos utilizan o software de plataforma VMWare e vSphere para xestionar un volume aproximado de 450 máquinas virtuais de diversa finalidade. Esta plataforma hardware superou o seu período de vida útil (EOL) i é necesario proceder coa súa modernización y actualización tendo en conta as novas solucións que para este mesmo fin están presentes no mercado actual.

Asemade precisarse un servizo de soporte y mantemento de TRES (3) anos de duración, cos seguintes servizos:

- Servizo de atención ao cliente (Service Desk) a través do teléfono y correo electrónico en modo 24X7X365.
- Servizos de soporte, mantemento y xestión de incidencias relacionadas co hardware e software incluído na solución.
- Consultas técnicas.
- Subministro de actualizacións de software proporcionadas polo fabricante.
- Xestión del inventario de equipos.



O servizo a prestar polo adxudicatario deberá responder aos Acordos de Nivel de Servicio (ANS). Estes ANS serán establecidos en base a clasificación das incidencias que se realizará en función de la prioridade das incidencias.

O contrato contempla os servizos de subministro, instalación e configuración do conxunto da plataforma e de tódolos elementos subministrados coa mesma coma un proxecto chave en man. Dado que a Deputación non conta cos medios materiais e humanos para levar a cabo este subministro, é necesario realizar unha contratación, xa que é un produto moi específico, mediante a cal os diferentes distribuidores (partner) poderán acceder á licitación pública para a presentación de ofertas por medios electrónicos.

Para a axilidade e demais vantaxes nos procedementos de contratación pública, a Deputación de Pontevedra adheriuse, no seu día, ao Sistema de Contratación Centralizada Estatal da Dirección General de Racionalización y Centralización de Contratación del Ministerio de Hacienda. Na data 23 de outubro de 2020 a Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra adoptou o acordo de solicitar a adhesión ao Acordo Marco 13/2018 “subministro de servidores, sistemas de almacenamento, software de infraestrutura” resolvendo a DIRECCIÓN GENERAL DE RACIONALIZACIÓN E CENTRALIZACIÓN DA CONTRATACIÓN de xeito positivo, a dita solicitude, con data de efectos desde o 24 de novembro de 2020. Polo tanto a presente contratación se realizará por este procedemento.

O xefe do Servizo de Novas Tecnoloxías informa que para a presente contratación invitarase ás empresas que figuran dentro do lote 1 do AM 13/2018, para que presenten ofertas a través la plataforma de licitación da Deputación de Pontevedra (Vortal).

O importe máximo do contrato baseado ascende a 856.602,92 € IVE incluído, distribuído nas seguintes anualidades:

Anualidade	Aplicación orzamentaria	Importe total con IVE
2022	22/926.9260.626.01.2021	29.240,35 €
2022	22/926.9260.626.01	520.107,73 €
2022	22/926.9260.206.00	67.130,22 €
2023	23/926.9260.641.00	67.130,22 €
2023	23/926.9260.227.23	35.288,06 €
2024	24/926.9260.641.00	67.130,22 €
2024	24/926.9260.227.23	35.288,06 €
2025	25/926.9260.227.23	35.288,06 €

Os importes correspondentes ás anualidades 2023, 2024 e 2025 quedarán condicionados á aprobación dos respectivos orzamentos e á existencia de crédito adecuado e suficiente nos mesmos. Visto o informe de data 10/10/2022 da Subdirección General de Contratación Centralizada del Estado (CSV: VCPGUL5A25N27QUB).



Visto os informes de data 23/08/2022 e 09/11/2022 da Secretaría da Deputación (CSV:T24OQAI2I610R4ZJ e 0EO0U17GVIO3SDUA, respectivamente).

Con data 25/08/2022 emítese informe complementario ao informe da Secretaría polo Servizo de Novas Tecnoloxías (CSV: 0Q3K6RFFE6BCZQB8).

Con data 21/11/2022 emítese informe favorable pola Intervención (CSV: SDGO38XVROJXGL51).

Considerando que o artigo 227.2 da Lei 9/2017, de contratos del sector público (LCSP) establece que “*as centrais de contratación actuarán (...) celebrando Acordos Marco (..)*”, e no punto 4 establece que “*Nos acordos marco de contratación centralizada poderán celebrarse contratos baseados entre as empresas parte do acordo marco*”.

Considerando que o artigo 229.7 LCSP, establece “*Nos casos nos que o órgano de contratación dos contratos baseados nun acordo marco, sexa a Xunta de contratación centralizada, e sexa necesario realizar unha segunda licitación, as actuacións relativas á licitación previas á adxudicación realizaranse con carácter xeral polo organismo destinatario da licitación*”.

Considerando que a disposición adicional segunda da Lei de Contratos do Sector Público, Lei9/2017, 8 de novembro, faculta a Presidenta para actuar como órgano de contratación con competencia respecto deste contrato e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e o establecido nas bases de execución do orzamento provincial, concretamente na Base 16^a.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Aprobar o expediente de contratación para adxudicación do contrato baseado no Acordo Marco 13/2018 da Central de Contratación do Estado para a subministración dun sistema de servidores para a Deputación de Pontevedra, polo seguinte importe:

Importe sen IVE	707.936,30 €
IVE (21%)	148.666,62 €
Importe IVE incluído	856.602,92 €

A contrato celebrarase, en segunda licitación, con algunha das empresas adxudicatarias do Acordo Marco, nas condicións establecidas nos pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas reguladores do devandito Acordo Marco.

2.- O contrato terá unha duración de tres anos para o servizo de soporte, mantemento e subscrición de licencias, a contar desde a data da formalización.



Igualmente, fíxase un prazo máximo de entrega de 4 meses para subministro e instalación.

3.- Autorizar o gasto polo importe máximo de 856.602,92 € de acordo coa seguinte distribución por anualidades e de acordo co seguinte desglose:

Anualidade	Aplicación orzamentaria	Importe total con
2022	22/926.9260.626.01.2021	29.240,35 €
2022	22/926.9260.626.01	520.107,73 €
2022	22/926.9260.206.00	67.130,22 €
2023	23/926.9260.641.00	67.130,22 €
2023	23/926.9260.227.23	35.288,06 €
2024	24/926.9260.641.00	67.130,22 €
2024	24/926.9260.227.23	35.288,06 €
2025	25/926.9260.227.23	35.288,06 €

Os importes correspondentes ás anualidades 2023, 2024 e 2025 quedarán condicionados á aprobación dos respectivos orzamentos e á existencia de crédito adecuado e suficiente nos mesmos.

5.- Autorizar o documento de segunda licitación (CSV: JOZSB5ZFNJJ4P8O7)

4.- Nomear como responsable do contrato o xefe do Servicio de Contratación, Facenda e Patrimonio.

5.- Dispoñer a apertura do procedemento de adxudicación, concedendo un prazo para a presentación de proposicións que rematará ás 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do prazo de 15 días hábiles, contados desde a data do envío da invitación a través da plataforma licitación electrónica.

16.32313.- DEVOLUCIÓN DAS GARANTÍAS DEFINITIVAS CONSTITUÍDAS POLA EMPRESA CONSTRUCCIÓN S. OBRAS E VIAIS, S.A., PARA RESPONDER DA EXECUCIÓN DOS LOTES 1 E 3 DO CONTRATO CORRESPONDENTE A “SUBMINISTRACIÓN DE MATERIAIS E MAQUINARIA NA REDE VIARIA DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA”. (Expte. 20190046582). (Devogarán 2022058151)

Por acordo da Xunta de Goberno, celebrada na súa sesión ordinaria de data 31 de xullo de 2020 (CSV.- 2O4APU7SGP1XRMJ3), adoptouse, entre outros asuntos, a adxudicación da “Subministración de materiais e maquinaria na rede viaria da Deputación de Pontevedra” (Expte.2019046582).



Para responder da realización dos lotes 1 e 3 que compuxeron este subministro, a empresa *Construcións, Obras e Vías, S.A.* -COVSA- (CIF.- A-36.008.886), constituíu na Tesourería desta Deputación, unhas fianzas definitivas polos importes equivalentes ao 5% dos prezos de adxudicación, polos seguintes importes:

Empresa	Lote	Importe	Carta pago	Datas
CONSTRUCIÓN, OBRAS E VIAIS, S.A. (A-36.008.886)	1	4.951,11€	202000128393	21/07/2020
	3	4.864,36€	202000123262	07/07/2020

Resultando que no expediente tramitado ó efecto figura informe emitido polo Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais no cal se informa que a empresa relacionada cumpriu coa execución dos respectivos contratos de *subministro*, constando así no expediente, polo que proceden as devolucións das garantías definitivas constituídas ao efecto.

Resultando que no expediente figura informe emitido pola Intervención no cal indica que existen na caixa da Deputación a constitución por parte da entidade mercantil CONSTRUCCIÓN, OBRAS E VIAIS, S.A., dunhas garantías con eses conceptos e por eses importes, e no que igualmente informa favorablemente á devolución das mesmas.

Considerando que o artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, establece que: “*Aprobada a liquidación do contrato e transcorrido o prazo de garantía, se non resultaren responsabilidades devolverase a garantía constituída ou se cancelará o aval ou o seguro de caución*”.

A Xunta de Goberno, en base ós informes favorables que constan no expediente e de conformidade co establecido no artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aprobar a liquidación dos lotes números 1 e 3 do contrato de “*Subministración de materiais e maquinaria na rede viaria da Deputación de Pontevedra*” (Expte. 2019046582), sen que existan obrigas pendentes.

Segundo.- Proceder á devolución das garantías definitivas constituídas pola entidade mercantil *Construcións, Obras e Vías, S.A.*, por resultar adxudicataria de ditos lotes que son as seguintes:

- o A garantía definitiva constituída en valores, mediante aval de *ASEFA SEGUROS*, por importe de catro mil novecentos cincuenta e un euros con once céntimos (4.951,11 €), para responder do “*Lote 1*”, que foi depositada na Tesourería Provincial o 21/07/2020, segundo mandamento de ingreso con número de operación 202000128393.



- o A garantía definitiva constituída en valores, mediante aval de *ASEFA SEGUROS*, por importe de catro mil oitocentos sesenta e catro euros con trinta e seis céntimos (4.864,36€), para responder do “*Lote 3*”, que foi depositada na Tesourería Provincial o 07/07/2020, segundo mandamento de ingreso con número de operación 202100123262.

17.32314.- DEVOLUCIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA CONSTITUÍDA POLA EMPRESA ARICUR, S.L (EN UTE COAS EMPRESAS ARICUR, S.L.-NORTEMAR, S.L.-OTERO FORESTAL, S.L.), PARA RESPONDER DA EXECUCIÓN DO LOTE 2 DO CONTRATO CORRESPONDENTE A "SUBMINISTRACIÓN DE MATERIAIS E MAQUINARIA NA REDE VIARIA DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA" (Expte.20190046582). (Devogarán 2022058151)

Por acordo da Xunta de Goberno, celebrada na súa sesión ordinaria de data 31 de xullo de 2020 (CSV.- 2O4APU7SGP1XRMJ3), adoptouse, entre outros asuntos, a adxudicación da “*Subministración de materiais e maquinaria na rede viaria da Deputación de Pontevedra*” (Expte.2019046582).

Para responder solidariamente do lote 2 que compuxo este subministro, a empresa *Áridos de Curro, S.L.* (CIF.- B-36.010.205) (*Integrante da UTE ARICUR-OTERO FORESTAL-NORTEMAR*), constituíu na Tesourería desta Deputación, unha fianza definitiva polo importe equivalente ao 5% do prezo de adxudicación, na súa parte asumida, polo seguinte importe:

Empresa	Lote	Importe	Carta pago	Datas
ÁRIDOS DE CURRO, S.L. (B-36.010.205)	2 (34%)	3.142,71€	202000115465	06/07/2020

Resultando que no expediente tramitado ó efecto figura informe emitido polo Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais no cal se informa que a empresa relacionada cumpríu coa execución do respectivo contrato de *subministro*, constando así no expediente, polo que procede a devolución da garantía definitiva constituída ao efecto.

Resultando que no expediente figura informe emitido pola Intervención no cal indica que existe na caixa da Deputación a constitución por parte da entidade mercantil *ÁRIDOS DE CURRO, S.L.*, dunha garantía con ese concepto e por ese importe, e no que igualmente informa favorablemente á devolución da mesma.

Considerando que o artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, establece que: “*Aprobada a liquidación do contrato e transcorrido o prazo de garantía, se non resultaren responsabilidades devolverase a garantía constituída ou se cancelará o aval ou o seguro de caución*”.



A Xunta de Goberno, en base ós informes favorables que constan no expediente e de conformidade co establecido no artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aprobar a liquidación dos lote número 2 do contrato de “*Subministración de materiais e maquinaria na rede viaria da Deputación de Pontevedra*” (Expte. 2019046582), sen que existan obrigas pendentes.

Segundo.- Proceder á devolución da garantía definitiva constituída pola entidade mercantil ARICUR, S.L., por resultar adxudicataria (como integrante da UTE ARICUR-OTERO FORESTAL-NORTEMAR), de dito lote que é a seguinte:

- o A garantía definitiva constituída en valores, mediante aval de ABANCA, por importe de tres mil cento corenta e dous euros con setenta e un céntimos (3.142,71 €), para responder, de forma solidaria, do “Lote 2”, que foi depositada na Tesourería Provincial o 06/07/2020, segundo mandamento de ingreso con número de operación 202000115465.

18.32315.- DEVOLUCIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA CONSTITUÍDA POLA EMPRESA OTERO FORESTAL, S.L., (EN UTE COAS EMPRESAS ARICUR, S.L.-NORTEMAR, S.L.-OTERO FORESTAL, S.L.), PARA RESPONDER DA EXECUCIÓN DO LOTE 2 DO CONTRATO CORRESPONDENTE A “SUBMINISTRACIÓN DE MATERIAIS E MAQUINARIA NA REDE VIARIA DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA”. (Expte.20190046582). (Devogarán2022058151)

Por acordo da Xunta de Goberno, celebrada na súa sesión ordinaria de data 31 de xullo de 2020 (CSV.- 2O4APU7SGP1XRMJ3), adoptouse, entre outros asuntos, a adxudicación da “*Subministración de materiais e maquinaria na rede viaria da Deputación de Pontevedra*” (Expte. 2019046582).

Para responder solidariamente do lote 2 que compuxo este subministro, a empresa OTERO FORESTAL, S.L. (CIF.- B-36.358.067) (Integrante da UTE ARICUR-OTERO FORESTAL-NORTEMAR), constituíu na Tesourería desta Deputación, unha fianza definitiva polo importe equivalente ao 5% da parte asumida do prezo de adxudicación, polo seguinte importe:

Empresa	Lote	Importe	Carta pago	Datas
OTERO FORESTAL, S.L. (B-36.358.067)	2 (33%)	3.050,25€	202000114889	01/07/2020

Resultando que no expediente tramitado ó efecto figura informe emitido polo Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais no cal se informa que a empresa relacionada cumpríu coa execución do respectivo contrato de *subministro*, constando así no expediente, polo que procede a devolución da garantía definitiva constituída ao efecto.



Resultando que no expediente figura informe emitido pola Intervención no cal indica que existe na caixa da Deputación a constitución por parte da entidade mercantil OTERO FORESTAL, S.L., dunha garantía con ese concepto e por ese importe, e no que igualmente informa favorablemente á devolución da mesma.

Considerando que o artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, establece que: “*Aprobada a liquidación do contrato e transcrido o prazo de garantía, se non resultaren responsabilidades devolverase a garantía constituída ou se cancelará o aval ou o seguro de caución*”.

A Xunta de Goberno, en base ós informes favorables que constan no expediente e de conformidade co establecido no artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aprobar a liquidación dos lote número 2 do contrato de “*Subministración de materiais e maquinaria na rede viaria da Deputación de Pontevedra*” (Expte. 2019046582), sen que existan obrigas pendentes.

Segundo.- Proceder á devolución da garantía definitiva constituída pola entidade mercantil OTERO FORESTAL, S.L., por resultar adxudicataria (*como integrante da UTE ARICUR-OTERO FORESTAL-NORTEMAR*), de dito lote que é a seguinte:

- o A garantía definitiva constituída en metálico, por importe de tres mil cincuenta euros con vinte e cinco céntimos (3.050,25 €), para responder, de forma solidaria, do “*Lote 2*”, que foi depositada na Tesourería Provincial o 01/07/2020, segundo mandamento de ingreso con número de operación 202000114889.

19.32316.- DEVOLUCIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA, CONSTITUÍDA POLA EMPRESA NORTEMAR, S.L., (EN UTE COAS EMPRESAS ARICUR, S.L.-NORTEMAR, S.L.-OTERO FORESTAL, S.L., PARA RESPONDER DA EXECUCIÓN DO LOTE 2 DO CONTRATO CORRESPONDENTE A “SUBMINISTRACIÓN DE MATERIAIS E MAQUINARIA NA REDE VIARIA DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA”. (Expte.20190046582) (Devogarán 2022058151)

Por acordo da Xunta de Goberno, celebrada na súa sesión ordinaria de data 31 de xullo de 2020 (CSV.- 204APU7SGP1XRMJ3), adoptouse, entre outros asuntos, a adxudicación da “*Subministración de materiais e maquinaria na rede viaria da Deputación de Pontevedra*” (Expte. 2019046582).



Para responder solidariamente do lote 2 que compuxo este subministro, a empresa NORTEMAR, S.L. (CIF.- B-36.459.758) (*Integrante da UTE ARICUR-OTERO FORESTAL-NORTEMAR*), constituíu na Tesourería desta Deputación, unha fianza definitiva polo importe equivalente ao 5% do prezo de adxudicación, na súa parte asumida, polo seguinte importe:

Empresa	Lote	Importe	Carta pago	Datas
NORTEMAR, S.L. (B-36.459.758)	2 (33%)	3.050,25€	202000115464	06/07/2020

Resultando que no expediente tramitado ó efecto figura informe emitido polo Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais no cal se informa que a empresa relacionada cumpríu coa execución do respectivo contrato de *subministro*, constando así no expediente, polo que procede a devolución da garantía definitiva constituída ao efecto.

Resultando que no expediente figura informe emitido pola Intervención no cal indica que existe na caixa da Deputación a constitución por parte da entidade mercantil NORTEMAR, S.L., dunha garantía con ese concepto e por ese importe, e no que igualmente informa favorablemente á devolución da mesma.

Considerando que o artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, establece que: “*Aprobada a liquidación do contrato e transcorrido o prazo de garantía, se non resultaren responsabilidades devolverase a garantía constituída ou se cancelará o aval ou o seguro de caución*”.

A Xunta de Goberno, en base ós informes favorables que constan no expediente e de conformidade co establecido no artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aprobar a liquidación dos lote número 2 do contrato de “*Subministración de materiais e maquinaria na rede viaria da Deputación de Pontevedra*” (*Expte. 2019046582*), sen que existan obrigas pendentes.

Segundo.- Proceder á devolución da garantía definitiva constituída pola entidade mercantil NORTEMAR, S.L., por resultar adxudicataria (*como integrante da UTE ARICUR-OTERO FORESTAL-NORTEMAR*), de dito lote que é a seguinte:

- o A garantía definitiva constituída en valores, mediante aval de *ABANCA*, por importe de tres mil cincuenta euros con vinte e cinco céntimos (3.050,25 €), para responder, de forma solidaria, do “*Lote 2*”, que foi depositada na Tesourería Provincial o 06/07/2020, segundo mandamento de ingreso con número de operación 202000115464.



20.32317.- DEVOLUCIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA CONSTITUÍDA POLA EMPRESA ESTUDIOS COMERCIALES E INDUSTRIALES DE MAQUINARIA, S.A., PARA RESPONDER DA EXECUCIÓN DO CONTRATO CORRESPONDENTE AO “SUBMINISTRO DUN COMPACTADOR DE PNEUMÁTICOS PARA O PARQUE DE MAQUINARIA”. (EXPT. ANO 2005) (DEVOGARÁN 2022067808)

Por acordo da Xunta de Goberno, celebrada na súa sesión ordinaria de data 30 de setembro de 2005, adxudicouse, mediante procedemento aberto, o contrato relativo a “*Subministro dun compactador de pneumáticos para o Parque de Maquinaria*” (Exp. Ano 2005).

Para responder da realización deste contrato, a empresa ESTUDIOS COMERCIALES E INDUSTRIALES DE MAQUINARIA, S.A. (CIF.- A-79244471), constituíu na Tesourería desta Deputación, unha fianza definitiva polo importe equivalente ao 4% do prezo de adxudicación, por importe de 3.486,00€ segundo consta na carta de pagamento con número de operación 201300129432 de data 10/10/2013 (*Anteriormente operación (MI) Mandamento de Ingreso con número de operación 200500097995 de 25/10/2005*).

Resultando que no expediente tramitado ó efecto figura informe emitido polo Servizo de Contratación no cal informa que finalizado o contrato e transcorrido o prazo legalmente establecido da garantía sen que o servizo correspondente comunicara ningún vicio ou defecto na realización do contrato, o que procede é a devolución da mesma.

Resultando que no expediente figura informe emitido pola Intervención no cal indica que existe na caixa da Deputación a constitución por parte da empresa ESTUDIOS COMERCIALES E INDUSTRIALES DE MAQUINARIA, S.A., dunha garantía definitiva con ese concepto e por ese importe, e no que igualmente informa favorablemente á devolución da mesma.

Considerando que o artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, establece que: “*Aprobada a liquidación do contrato e transcorrido o prazo de garantía, se non resultaren responsabilidades devolverase a garantía constituída ou se cancelará o aval ou o seguro de caución*”.

A Xunta de Goberno, en base ós informes favorables que constan no expediente e de conformidade co establecido no artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aprobar a liquidación do contrato relativo a “*Subministro dun compactador de pneumáticos para o Parque de Maquinaria*” (Exp. Ano 2005), sen que existan obrigas pendentes.



Segundo.- Proceder á devolución da garantía definitiva constituída en valores, mediante aval de *BBVA*, por importe de 3.486,00€, para responder de dito contrato, que foi depositada na Tesourería Provincial o 10/10/2013, segundo mandamento de ingreso con número de operación 201300129432 (*Anteriormente operación (MI) Mandamento de Ingreso con número de operación 200500097995 de 25/10/2005*).

21.32318.- DEVOLUCIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA CONSTITUÍDA POLA EMPRESA JARDANAY, S.L., PARA RESPONDER DA EXECUCIÓN DO CONTRATO CORRESPONDENTE AO “SERVIZO DE RESTAURACIÓN E LIMPEZA DE COCIÑA E COMEDOR PARA O PROGRAMA DEPOAVENTURA 2022” (Expte.20220003743) (Devogarán 2022068192)

Por acordo da Xunta de Goberno, celebrada na súa sesión ordinaria de data 20 de maio de 2022 (CSV.- MN6J59JP9KDV76OV), adxudicouse, entre outros asuntos, o contrato relativo a “*Servizo de restauración e limpeza de cocina e comedor para o programa Depoaventura 2022*” (Expte. 2022003743).

Para responder da realización deste contrato, a empresa JARDANAY, S.L. (CIF.- B-15754682), constituíu na Tesourería desta Deputación, unha fianza definitiva polo importe equivalente ao 5% do prezo de adxudicación, por importe de 6.600,00€ segundo consta na carta de pagamento con número de operación 202200092929 de data 11/05/2022.

Resultando que no expediente tramitado ó efecto figura informe emitido polo Servizo de Contratación no cal informa que finalizado o contrato e transcorrido o prazo legalmente establecido da garantía sen que o servizo correspondente comunicara ningún vicio ou defecto na realización do contrato, o que procede é a devolución da mesma.

Resultando que no expediente figura informe emitido pola Intervención no cal indica que existe na caixa da Deputación a constitución por parte da empresa JARDANAY, S.L., dunha garantía definitiva con ese concepto e por ese importe, e no que igualmente informa favorablemente á devolución da mesma.

Considerando que o artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, establece que: “*Aprobada a liquidación do contrato e transcorrido o prazo de garantía, se non resultaren responsabilidades devolverase a garantía constituída ou se cancelará o aval ou o seguro de caución*”.



A Xunta de Goberno, en base ós informes favorables que constan no expediente e de conformidade co establecido no artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aprobar a liquidación do contrato relativo a “*Servizo de restauración e limpeza de cocina e comedor para o programa Depoaventura 2022*” (Expte. 2022003743), sen que existan obrigas pendentes.

Segundo.- Proceder á devolución da garantía definitiva constituída en valores, mediante aval de *ABANCA*, por importe de 6.600,00€, para responder de dito contrato, que foi depositada na Tesourería Provincial o 11/05/2022, segundo mandamento de ingreso con número de operación 202200092929.

22.32319.- RECOÑECEMENTO EXTRAXUDICIAL DE CRÉDITOS

Vista a relación de facturas con número 2022069500 que contén 10 facturas e por un importe de 19.439,13 €, e con CSV: XOGY71OT8Z5LC84O, e visto o informe que formula a Intervención desta Deputación, de data 17/11/2022, e o/os xefe/s de servizo ou responsables dos centros Xestores, no que se pon de manifesto que os gastos se fixeron con vicios de procedemento que implican a nulidade das obrigas, e que necesitan a súa aprobación polo sistema de *recoñecemento extraxudicial de créditos*, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar:

A relación de expedientes de referencia coa seguinte estrutura económica:

Importe total	19.439,13 €
Descontos do IRPF.....	0,00 €
Descontos do IVE soportado deducible	0,00 €
Descontos do honorarios técnicos externos	0,00 €
Outros descontos	0,00 €
Total líquido	19.439,13 €

Pola Presidenta maniféstase que asina con disconformidade e por imperativo legal, pois está en contra dos recoñecementos extraxudiciais de crédito. Manifesta que a partir de agora só se aprobarán recoñecementos extraxudiciais de créditos de xeito extraordinario por razóns non previsibles.



23.32320.- VALIDACIÓN DE EXPEDIENTES

Vista a relación de facturas con número 2022069464, que contén 1 factura e por un importe de 5.200,00 € e con CSV: GQD8OAOJGNXXBGKM, e visto o informe que formula a Intervención desta Deputación, de data 17 de novembro de 2022, e o/os xefe/s de servizo ou responsables dos centros Xestores, no que se pon de manifesto que os gastos se fixeron con vicios de procedemento que implican anulabilidade das obrigas, e que necesitan a súa aprobación polo sistema de validación, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar:

A relación de expedientes de referencia coa seguinte estrutura económica:

Importe total	5.200,00 €
Descontos do IRPF	0,00 €
Descontos do IVE soportado deducible	0,00 €
Descontos do honorarios técnicos externos	0,00 €
Outros descontos	0,00 €
Total líquido	5.200,00 €

Pola Presidenta maniféstase que asina con disconformidade e por imperativo legal, pois está en contra dos recoñecementos extraxudiciais de crédito. Manifesta que a partir de agora só se Aprobarán recoñecementos extraxudiciais de créditos de xeito extraordinario por razóns non previsibles.

24.30321.- PERDA DO DEREITO AO COBRO DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA AO CONCELLO DE GONDOMAR PARA AS OBRAS DE “CONSERVACIÓN E MANTEMENTO NO EIDO DA CASA PERALBA”, APROBADA AO SEU FAVOR NA XUNTA DE GOBERNO DE DATA 10/12/2021 (Expte.2021055416)

A Xunta de Goberno, celebrada o 24 de setembro de 2021 (acordo núm. 2.30803), aprobou as bases de subvencións para a supresión da simboloxía franquista nos espazos públicos e a rehabilitación e sinalización do patrimonio histórico-cultural dirixidas aos concellos da provincia de Pontevedra para o ano 2021, publicadas no *Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra* o 29 de setembro de 2021 (BOPPO núm. 188).

Ao amparo da dita convocatoria, a Xunta de Goberno, na súa sesión ordinaria do 10 de decembro de 2021 (acordo núm. 3.31058), acordou concederlle ao *Concello de Gondomar* (CIF: P3602100D) unha achega de 26.207,58 € para o proxecto “*Obras de conservación e mantemento no eido da casa Peralba*”, con cargo á liña B da mencionada convocatoria.

Segundo a base décimo cuarta, “*Xustificación*”, das citadas bases reguladoras, “*unha vez notificada a aprobación das subvencións concedidas, o prazo de execución para o obxecto da subvención será ata o 30 de xuño de 2022. As entidades beneficiarias, unha vez realizado o investimento, terán de prazo improrrogable ata o 30 de setembro de 2022 para xustificalo*”.



Unha vez vencido o prazo para xustificar as axudas concedidas, e ao non recibir a documentación xustificativa correspondente por parte do *Concello de Gondomar*, requiríuselle que o fixese nun prazo improrrogable de 15 días, tal e como establece o art. 70.3 do Real decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (RLXS).

Transcorrido o prazo de 15 días establecido non consta a presentación en prazo e forma da documentación requirida. As circunstancias de feito referidas constitúen causa de perda do dereito ao cobro da axuda económica concedida.

Resultando que con data 2 de novembro de 2022 o Servizo de Patrimonio Documental e Bibliográfico emite informe onde se recolle que procede a incoación do procedemento de reintegro ou perda do dereito ao cobro, tal e como se establece no artigo 89 do RLXS e no artigo 29.2 da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra.

Resultando que con data 11 de novembro de 2022 dende Intervención se remite dilixencia de fiscalizado e conforme para proceder á incoación do procedemento de perda do dereito ao cobro da subvención concedida a dito concello para a realización do proxecto “*Obras de conservación e mantemento no eido da casa Peralba*”.

Polo exposto, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Iniciar o procedemento para declarar a perda do dereito ao cobro da subvención concedida ao *Concello de Gondomar* (CIF: P3602100D), por un importe de 26.207,58 €, para o proxecto “*Obras de conservación e mantemento no eido da casa Peralba*”, ao abeiro das bases reguladoras de subvencións para a supresión da simboloxía franquista nos espazos públicos e a rehabilitación e sinalización do patrimonio histórico-cultural dirixidas aos concellos da provincia de Pontevedra para o ano 2021.
2. Conceder un prazo de quince días hábiles para que o *Concello de Gondomar* poida realizar cantas alegacións considere oportunas.
3. No caso de non realizar alegacións no período sinalado no parágrafo anterior, este acordo elevarase automaticamente a definitivo, polo que o transcurso do dito prazo conlevará a perda da subvención referida de xeito definitivo e procederase ao arquivo do expediente, sen prexuízo da posibilidade de interposición dos recursos pertinentes contra os actos administrativos que poñen fin á vía administrativa.
4. Notificar esta resolución ao *Concello de Gondomar*, á Intervención Provincial e ao Servizo de Patrimonio Documental e Bibliográfico.



25.32322.- PERDA DO DEREITO AO COBRO DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA AO CONCELLO DE PONTEAREAS PARA A “REHABILITACIÓN DO PEITORIL DE PONTE MACEIRA”, APROBADA AO SEU FAVOR NA XUNTA DE GOBERNO DE DATA 10/12/2021 (Expte. 2021054397)

A Xunta de Goberno, celebrada o 24 de setembro de 2021 (acordo núm. 2.30803), aprobou as bases de subvencións para a supresión da simboloxía franquista nos espazos públicos e a rehabilitación e sinalización do patrimonio histórico-cultural dirixidas aos concellos da provincia de Pontevedra para o ano 2021, publicadas no *Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra* o 29 de setembro de 2021 (BOPPO núm. 188).

Ao amparo da dita convocatoria, a Xunta de Goberno, na súa sesión ordinaria do 10 de decembro de 2021 (acordo núm. 3.31058), acordou concederlle ao *Concello de Pontearreas* (CIF: P3604200J) unha achega de 9.623,15 euros para o proxecto “*Rehabilitación do peitoril de Ponte Maceira*”, con cargo á liña B da mencionada convocatoria.

Segundo a base décimo cuarta, “*Xustificación*”, das citadas bases reguladoras, “*unha vez notificada a aprobación das subvencións concedidas, o prazo de execución para o obxecto da subvención será ata o 30 de xuño de 2022. As entidades beneficiarias, unha vez realizado o investimento, terán de prazo improrrogable ata o 30 de setembro de 2022 para xustificalo*”.

Unha vez vencido o prazo para xustificar as axudas concedidas, e ao non recibir a documentación xustificativa correspondente por parte do *Concello de Pontearreas*, requiríuselle que o fixese nun prazo improrrogable de 15 días, tal e como establece o art. 70.3 do Real decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (RLXS).

Transcorrido o prazo de 15 días establecido non consta a presentación en prazo e forma da documentación requirida. As circunstancias de feito referidas constitúen causa de perda do dereito ao cobro da axuda económica concedida.

Resultando que con data 2 de novembro de 2022 o Servizo de Patrimonio Documental e Bibliográfico emite informe onde se recolle que procede a incoación do procedemento de reintegro ou perda do dereito ao cobro, tal e como se establece no artigo 89 do RLXS e no artigo 29.2 da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra.

Resultando que con data 11 de novembro de 2022 dende Intervención se remite dilixencia de fiscalizado e conforme para proceder á incoación do procedemento de perda do dereito ao cobro da subvención concedida a dito concello para a realización do proxecto “*Rehabilitación do peitoril de Ponte Maceira*”.



Polo exposto, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Iniciar o procedemento para declarar a perda do dereito ao cobro da subvención concedida ao Concello de Pontearreas (CIF: P3604200J), por un importe de 9.623,15 €, para o proxecto “*Rehabilitación do peitoril de Ponte Maceira*”, ao abeiro das bases reguladoras de subvencións para a supresión da simboloxía franquista nos espazos públicos e a rehabilitación e sinalización do patrimonio histórico-cultural dirixidas aos concellos da provincia de Pontevedra para o ano 2021.
2. Conceder un prazo de quince días hábiles para que o *Concello de Pontearreas* poida realizar cantas alegacións considere oportunas.
3. No caso de non realizar alegacións no período sinalado no parágrafo anterior, este acordo elevarase automaticamente a definitivo, polo que o transcurso do dito prazo conlevará a perda da subvención referida de xeito definitivo e procederase ao arquivo do expediente, sen prexuízo da posibilidade de interposición dos recursos pertinentes contra os actos administrativos que poñen fin á vía administrativa.
4. Notificar esta resolución ao *Concello de Pontearreas*, á Intervención Provincial e ao Servizo de Patrimonio Documental e Bibliográfico.

26.32323.- PERDA DO DEREITO AO COBRO DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA AO CONCELLO DE PONTE CALDELAS PARA A “RUTA INTERPRETATIVA DA ARQUITECTURA INDIANA, SEGUNDA FASE, EN PONTE CALDELAS”, APROBADA AO SEU FAVOR NA XUNTA DE GOBERNO DE DATA 10/12/2021 (Expte.2021053444)

A Xunta de Goberno, celebrada o 24 de setembro de 2021 (acordo núm. 2.30803), aprobou as bases de subvencións para a supresión da simboloxía franquista nos espazos públicos e a rehabilitación e sinalización do patrimonio histórico-cultural dirixidas aos concellos da provincia de Pontevedra para o ano 2021, publicadas no *Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra* o 29 de setembro de 2021 (BOPPO núm. 188).

Ao amparo da dita convocatoria, a Xunta de Goberno, na súa sesión ordinaria do 10 de decembro de 2021 (acordo núm. 3.31058), acordou concederlle ao *Concello de Ponte Caldelas* (CIF: P3604300H) unha achega de 5.007,45 € para o proxecto “*Ruta interpretativa da arquitectura indiana, segunda fase, en Ponte Caldelas*”, con cargo á liña B da mencionada convocatoria.

Segundo a base décimo cuarta, “*Xustificación*”, das citadas bases reguladoras, “*unha vez notificada a aprobación das subvencións concedidas, o prazo de execución para o obxecto da subvención será ata o 30 de xuño de 2022. As entidades beneficiarias, unha vez realizado o investimento, terán de prazo improrrogable ata o 30 de setembro de 2022 para xustificalo*”.



Unha vez vencido o prazo para xustificar as axudas concedidas, e ao non recibir a documentación xustificativa correspondente por parte do *Concello de Ponte Caldelas*, requíriuselle que o fixese nun prazo improrrogable de 15 días, tal e como establece o art. 70.3 do Real decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (RLXS).

Transcorrido o prazo de 15 días establecido non consta a presentación en prazo e forma da documentación requirida. As circunstancias de feito referidas constitúen causa de perda do dereito ao cobro da axuda económica concedida.

Resultando que con data 2 de novembro de 2022 o Servizo de Patrimonio Documental e Bibliográfico emite informe onde se recolle que procede a incoación do procedemento de reintegro ou perda do dereito ao cobro, tal e como se establece no artigo 89 do RLXS e no artigo 29.2 da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra.

Resultando que con data 11 de novembro de 2022 dende Intervención se remite dilixencia de fiscalizado e conforme para proceder á incoación do procedemento de perda do dereito ao cobro da subvención concedida a dito concello para a realización do proxecto “*Ruta interpretativa da arquitectura indiana, segunda fase, en Ponte Caldelas*”.

Polo exposto, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Iniciar o procedemento para declarar a perda do dereito ao cobro da subvención concedida ao Concello de Ponte Caldelas (CIF: P3604300H), por un importe de 5.007,45 euros, para o proxecto “*Ruta interpretativa da arquitectura indiana, segunda fase, en Ponte Caldelas*”, ao abeiro das bases reguladoras de subvencións para a supresión da simboloxía franquista nos espazos públicos e a rehabilitación e sinalización do patrimonio histórico-cultural dirixidas aos concellos da provincia de Pontevedra para o ano 2021.
2. Conceder un prazo de quince días hábiles para que o *Concello de Ponte Caldelas* poida realizar cantas alegacións considere oportunas.
3. No caso de non realizar alegacións no período sinalado no parágrafo anterior, este acordo elevarase automaticamente a definitivo, polo que o transcurso do dito prazo conlevará a perda da subvención referida de xeito definitivo e procederase ao arquivo do expediente, sen prexuízo da posibilidade de interposición dos recursos pertinentes contra os actos administrativos que poñen fin á vía administrativa.
4. Notificar esta resolución ao *Concello de Ponte Caldelas*, á Intervención Provincial e ao Servizo de Patrimonio Documental e Bibliográfico.



27.32324.- PERDA DO DEREITO AO COBRO DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA AO CONCELLO DE RIBADUMIA PARA A “MELLORA DA CONTORNA DA FONTE E LAVADOIRO DO CORVO”, APROBADA AO SEU FAVOR NA XUNTA DE GOBERNO DE DATA 10/12/2021 (Expte.2021055594)

A Xunta de Goberno, celebrada o 24 de setembro de 2021 (acordo núm. 2.30803), aprobou as bases de subvencións para a supresión da simboloxía franquista nos espazos públicos e a rehabilitación e sinalización do patrimonio histórico-cultural dirixidas aos concellos da provincia de Pontevedra para o ano 2021, publicadas no *Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra* o 29 de setembro de 2021 (BOPPO núm. 188).

Ao amparo da dita convocatoria, a Xunta de Goberno, na súa sesión ordinaria do 10 de decembro de 2021 (acordo núm. 3.31058), acordou concederlle ao *Concello de Ribadumia* (CIF: P3604600A) unha achega de 3.300,68 euros para o proxecto “*Mellora da contorna da fonte e lavadoiro do Corvo*”, con cargo á liña B da mencionada convocatoria.

Segundo a base décimo cuarta, “*Xustificación*”, das citadas bases reguladoras, “*unha vez notificada a aprobación das subvencións concedidas, o prazo de execución para o obxecto da subvención será ata o 30 de xuño de 2022. As entidades beneficiarias, unha vez realizado o investimento, terán de prazo improrrogable ata o 30 de setembro de 2022 para xustificalo*”.

Unha vez vencido o prazo para xustificar as axudas concedidas, e ao non recibir a documentación xustificativa correspondente por parte do *Concello de Ribadumia*, requiríuselle que o fixese nun prazo improrrogable de 15 días, tal e como establece o art. 70.3 do Real decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (RLXS).

Transcorrido o prazo de 15 días establecido non consta a presentación en prazo e forma da documentación requirida. As circunstancias de feito referidas constitúen causa de perda do dereito ao cobro da axuda económica concedida.

Resultando que con data 2 de novembro de 2022 o Servizo de Patrimonio Documental e Bibliográfico emite informe onde se recolle que procede a incoación do procedemento de reintegro ou perda do dereito ao cobro, tal e como se establece no artigo 89 do RLXS e no artigo 29.2 da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra.

Resultando que con data 14 de novembro de 2022 dende Intervención se remite dilixencia de fiscalizado e conforme para proceder á incoación do procedemento de perda do dereito ao cobro da subvención concedida a dito concello para a realización do proxecto “*Mellora da contorna da fonte e lavadoiro do Corvo*”.



Polo exposto, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Iniciar o procedemento para declarar a perda do dereito ao cobro da subvención concedida ao *Concello de Ribadumia* (CIF: P3604600A), por un importe de 3.300,68 euros, para o proxecto "*Mellora da contorna da fonte e lavadoiro do Corvo*", ao abeiro das bases reguladoras de subvencións para a supresión da simboloxía franquista nos espazos públicos e a rehabilitación e sinalización do patrimonio histórico-cultural dirixidas aos concellos da provincia de Pontevedra para o ano 2021.
2. Conceder un prazo de quince días hábiles para que o *Concello de Ribadumia* poida realizar cantas alegacións considere oportunas.
3. No caso de non realizar alegacións no período sinalado no parágrafo anterior, este acordo elevarase automaticamente a definitivo, polo que o transcurso do dito prazo conlevará a perda da subvención referida de xeito definitivo e procederase ao arquivo do expediente, sen prexuízo da posibilidade de interposición dos recursos pertinentes contra os actos administrativos que poñen fin á vía administrativa.
4. Notificar esta resolución ao *Concello de Ribadumia*, á Intervención Provincial e ao Servizo de Patrimonio Documental e Bibliográfico.

28.32325.- DAR CONTA E ACEPTAR A RENUNCIA DO CD KUNG TAI “ÁMBITO INFERIOR A ESTATAL” APROBADA Ó SEU FAVOR EN XUNTA DE GOBERNO DE 29/07/2022 (Expte: 2022024754)

Aprobada pola Xunta de Goberno desta Deputación provincial de data 29 de xullo de 2020 unha subvención a favor do *CLUB KUNG TAI* con NIF: G94144490 do *Concello de Lalín*, por un importe de 1.132,28 €, para “*DEPORTE FEDERADO ÁMBITO INFERIOR A NACIONAL (KUNG FU)*” e con cargo á aplicación 22/340.3410.489.23, e recibido escrito, presentado no Rexistro Web nº 2022058903 con data 17/11/2022 do citado club renunciando á subvención concedida pola imposibilidade de xustificación, a Xunta de Goberno queda enterada e acepta dita renuncia, de acordo co artigo 94.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

29.32326.- DAR CONTA E ACEPTAR A RENUNCIA DA ASOCIACIÓN DE VECIÑOS DE LAXEDO DO CONCELLO DA LAMA Á SUBVENCIÓN CONCEDIDA PARA AS “XORNADAS CULTURALS COA PUBLICACIÓN “EL PAISAJE DE CABANELAS. LA HUELLA DEL CONDE...””, APROBADA Ó SEU FAVOR NA XUNTA DE GOBERNO DE 08/07/2021(Expte. 2022016037)

Aprobada pola Xunta de Goberno desta Deputación provincial de data 08/07/2022 unha subvención a favor da *ASOCIACIÓN DE VECINOS DE LAXEDO* con CIF: G-94.158.045, do *Concello da Lama*, por un importe de 785,59 €, para as “*Xornadas culturais coa publicación “El paisaje de Cabanelas. La Huella del Conde...”*” con cargo á aplicación 22/330.3340.489.05, e recibido escrito



presentado, no Rexistro xeral, con data 02/08/2022 da citada Entidade renunciando á subvención concedida no seu día, a Xunta de Goberno queda enterada e acepta dita renuncia, de conformidade co establecido no art. 94.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

30.32327.- DAR CONTA E ACEPTAR A RENUNCIA DA ASOC. CULTURAL DE MULLERES RURAIS PURÍSIMA CONCEPCIÓN DE CAMBADOS CONCEDIDA PARA O “II FESTIVAL DAS MULLERES RURAIS DE CAMBADOS”, APROBADA Ó SEU FAVOR NA XUNTA DE GOBERNO DE 08/07/2021(Expte. 2022015165)

Aprobada pola Xunta de Goberno desta Deputación provincial de data 08/07/2022 unha subvención a favor da *ASOCIACIÓN CULTURAL DE MULLERES RURAIS PURÍSIMA CONCEPCIÓN DE CAMBADOS* con CIF: G-94.187.366, do *Concello de Cambados*, por un importe de 340,42 €, para o “*II Festival das Mulleres Rurais de Cambados*” con cargo á aplicación 22/330.3340.489.05, e recibido escrito presentado, no Rexistro xeral, con data 03/11/2022 da citada Entidade renunciando á subvención concedida no seu día, a Xunta de Goberno queda enterada e acepta dita renuncia, de conformidade co establecido no art. 94.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

31.32328.- APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE PONTEVEDRA E A DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA PARA A “PROMOCIÓN DA ACTIVIDADE FÍSICA E DEPORTIVA”. (Expte. 2022067061)

A Deputación Provincial de Pontevedra e o *Concello de Pontevedra*, no exercicio das súas respectivas competencias, en orde a afondar na colaboración administrativa entre ambas institucións, desexan establecer as pautas de colaboración para o desenvolvemento de diversas actividades no marco da programación deportiva do Concello.

Para dar cumprimento ao obxectivo referido no parágrafo anterior, en data 04/11/2022 o Concello de Pontevedra presenta no Rexistro da Deputación (núm. Rexistro 2022025173) a solicitude e demais documentación necesaria para a formalización do correspondente convenio co que se financiarán por parte da Deputación a realización das seguintes actividades:

- XL Gran Fondo - XXVII Medio Maraton e III 10K Pontevedra 2022
- XXXIX Carreira pedestre San Silvestre Pontevedra 2022

Na data 07/11/2022 a xefa do Servizo de Cooperación informa sobre o interese público da actuación (CSV: HD7S49PTIWQXEVD) e, pola súa banda, a Intervención provincial emite informe de fiscalización favorable do expte. o 11/11/2022 (CSV: XX9SG8WIYCSXBIBA).



Así mesmo, sométese ao ditame da Comisión Informativa de Cooperación cos Municipios, Cooperación Transfronteiriza e Cohesión Social de data 18/11/2022 (CSV: KND95NVQ659G7TFG).

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Réxime xurídico

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), e o seu Regulamento, aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da administración local de Galicia (LALGA).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP).
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (LRXSP).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 19/2013, de 9 de decembro de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.
- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROFRXEL).
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRFL).
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra, aprobada no Pleno provincial do 28 de outubro de 2016 e publicada no BOPPO do 30 de decembro de 2016.
- Bases de execución do orzamento da Deputación para o exercicio 2022.

Consideracións xurídicas

Petición e evacuación de informes

- Artigos 79 e 80 da LPACAP, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LRXAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ao texto da mesma.
- Artigo 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 172 do ROFRXEL, que dispón que o xefe da Dependencia á que corresponda tramitar o expediente deberá emitir un informe, expoñendo os antecedentes e as disposicións legais ou regulamentarias en que funde o seu criterio.



- Bases 47ª e 48ª de execución do Orzamento provincial para 2022, sobre o control e a fiscalización da xestión económica, que sinalan a competencia da Intervención para realizar esta función.
- Artigo 24 da LXS, que establece que as actividades de instrución comprenderán, entre outras, a petición de cantos informes se estime necesarios para resolver ou que sexan esixidos polas normas que regulan a subvención.

Procedencia do convenio

- Artigo 47 e ss. da LRXSP, que dispoñen que os convenios de colaboración constitúen o instrumento adecuado para desenvolver a cooperación en cuestións de interese común.
- Artigo 57 da LRBRL, que dispón que a cooperación en servizos locais desenvolverase con carácter voluntario, baixo as formas e nos termos previstos nas leis, podendo ter lugar, en todo caso, mediante convenios administrativos, en conexión co artigo 195.h) da LALGA.
- Artigo 198 da LALGA, que establece que as entidades locais poderán celebrar convenios de cooperación entre si para a máis eficaz xestión e prestación de servizos da súa competencia. No seu apartado 2º dispónse que a través dos convenios de cooperación as partes poderán coordinar as súas políticas de fomento dirixidas a un mesmo sector e distribuír as subvencións outorgadas por unha delas; ademais, o apartado 3º sinala que, en especial, as Deputacións Provinciais poderán subscribir, cos municipios da provincia, convenios para garantir o acceso da poboación ao conxunto dos servizos municipais.
- Artigo 199 da LALGA, que, en consonancia co artigo 49 da LRXSP, sinala as especificacións que deberán conter os instrumentos de formalización dos convenios.
- Artigo 6 da LCSP, que exclúe do seu ámbito de aplicación os convenios, cuxo contido non estea comprendido no dos contratos regulados nesta Lei ou en normas administrativas especiais celebrados entre si pola Administración Xeral do Estado, as entidades xestoras e os servizos comúns da Seguridade Social, as Universidades Públicas, as Comunidades Autónomas e as Cidades Autónomas de Ceuta e Melilla, as entidades locais, as entidades con personalidade xurídica pública delas dependentes e as entidades con personalidade xurídica privada, sempre que, neste último caso, teñan a condición de poder adxudicador.
- Artigo 2 da LXS, polo que a achega económica da Deputación de Pontevedra ten o carácter dunha subvención. O artigo 22.2 da LXS sinala que se poderán conceder, con carácter excepcional, de forma directa subvencións nas que se acrediten razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública.
- Artigo 28.1 da LXS, que establece que a resolución de concesión e, no seu caso, os convenios a través dos cales se canalicen estas subvencións establecerán as condicións e compromisos aplicables de conformidade co disposto nesta Lei.

Competencia das administracións

- Artigo 25.2 da LRBRL, que, en concordancia co artigo 80.2 da LALGA, atribúe, entre outras, ás administracións municipais a competencia en materia de promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre.



- Artigo 31 da LRBRL, que encomenda ás deputacións que dirixan a súa actividade a asegurar a prestación integral e adecuada dos servizos de competencia municipal, recolléndose no seu artigo 36 como competencia propia das deputacións a asistencia e cooperación económica aos concellos. A estes efectos, a Deputación asegura o acceso da poboación da provincia ao conxunto dos servizos mínimos de competencia municipal mediante calquera fórmula de asistencia e cooperación municipal, para o que poderá outorgar subvencións ou axudas con cargo as seus recursos propios para a realización e mantemento de obras e servizos municipais.
- Artigo 109 da LALGA, que atribúe ás deputacións competencias en xeral no fomento e administración dos intereses peculiares da provincia, de xeito que cabe subsumir nas ditas materias, formas específicas de cooperación económica como a concesión de subvencións recollida no art. 114.c) da LALGA.

Competencia para resolver:

- Artigo 8.2 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra, que en virtude do establecido na base 16.2 das Bases de execución do orzamento provincial, e de conformidade co disposto nos artigos 35 da LRBRL e 10 da LXS, atribúe a competencia para resolver á Xunta de Goberno.

CONCLUSIÓNS

En base ás precedentes consideracións e ao interese público que representa esta actuación, a Deputación e o Concello de Pontevedra conveñen a súa colaboración neste ámbito, para desenvolver un réxime de colaboración entre ambas administracións locais para o desenvolvemento de diversas actividades no marco da programación deportiva e de lecer do concello, así como a promoción da cidade de Pontevedra.

Neste senso os convenios de colaboración constitúen o instrumento idóneo para canalizar esta colaboración.

O Concello de Pontevedra presentou a documentación necesaria para formalizar este convenio e quedan acreditadas no expediente as razóns de oportunidade, a valoración económica das actuacións a desenvolver e o propio obxecto do convenio.

Por todo o exposto, e tendo en conta os antecedentes e fundamentos de dereito aplicables, **INFORMO FAVORABLEMENTE** a tramitación do dito convenio de colaboración entre ambas administracións.

Este informe non ten carácter vinculante, de feito que o órgano concedente co seu superior criterio decidirá.



Á vista do anterior, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Aprobar o Convenio de colaboración entre o Concello de Pontevedra e a Deputación Provincial de Pontevedra para a promoción da actividade física e deportiva.

Este convenio, cuxo texto literalmente transcrito di como segue, condiciónase á súa aprobación polo Concello de Pontevedra:

“CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE PONTEVEDRA E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA A PROMOCIÓN DA ACTIVIDADE FÍSICA E DEPORTIVA

En Pontevedra, na data da sinatura electrónica
INTERVEÑEN

Dunha parte, D.ª María del Carmen Silva Rego, quen actúa no nome e representación da Deputación Provincial de Pontevedra, en virtude do seu cargo como presidenta deste organismo e en función das atribucións que lle confiren o artigo 34.1.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).

Doutra, D. Miguel Anxo Fernández Lores, quen actúa no nome e representación do Concello de Pontevedra, en virtude da súa condición de alcalde-presidente da citada Corporación, segundo o disposto no artigo 124 da LRBRL. Actúan D. Carlos Cuadrado Romay, en calidade de secretario xeral da Deputación de Pontevedra, e D. José Carlos Castiñeira Piñeiro, en calidade de secretario da Administración Municipal do Concello de Pontevedra, dando fe do acto que se celebra.

As partes actúan nas representacións expresadas e recoñécense reciprocamente capacidade bastante para o outorgamento e formalización deste convenio, con base nos principios de colaboración, cooperación, coordinación e eficacia que deben presidir as actuacións das Administracións Públicas e, a estes efectos, de común acordo,

EXPOÑEN

I. A Deputación de Pontevedra e o Concello de Pontevedra comparten como criterio que os concellos, como administración democraticamente escollida, deben ser os axentes protagonistas e os eidos administrativos aos que ten que corresponder a decisión, o deseño e o impulso da acción local e do desenvolvemento das políticas locais; ao tempo que, as deputacións, deben actuar como institucións que desenvolvan políticas, plans e actuacións que faciliten que concellos e cidadáns poidan acadaren os mesmos dereitos e servizos.

II. Que os artigos 25.1 da LRBRL e 80.1 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, dispoñen que o Municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal nos termos previstos neste artigo, exercendo en todo caso como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, nas materias de promoción do deporte e de instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre.



Por outra banda, o art. 36.1) da LRBRL encomenda ás deputacións o aseguramento da prestación integral e adecuada dos servizos de competencia municipal así como a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas.

III. Que os convenios entre as Administracións Públicas constitúen o instrumento aceptado para desenvolveren a súa cooperación en cuestións de interese común, tal como establecen os artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público (LRXSP) e demais normativa de aplicación.

IV. Que o Concello de Pontevedra amosou o seu interese no desenvolvemento de diversos programas relacionados coa promoción da actividade física e deportiva no ano 2022. Neste sentido, dentro dos seus obxectivos estratéxicos a Deputación Provincial de Pontevedra ten previsto na súa planificación a mellora das actividades deportivas e de ocupación do tempo de lecer así como a promoción do turismo dos concellos da provincia.

Deste xeito, a Deputación Provincial de Pontevedra, nos orzamentos do ano 2022, contempla unha aplicación orzamentaria, para convenios co Concello de Pontevedra.

V. Que, de acordo coas precedentes consideracións e en desenvolvemento da colaboración entre o Concello de Pontevedra e a Deputación de Pontevedra, ambas institucións acordan aprobar o presente convenio de colaboración, para o desenvolvemento de actividades de promoción da actividade física e deportiva que asinan agora os aquí comparecentes, con arranxo ás seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. OBXECTO DO CONVENIO

É obxecto deste convenio establecer as pautas de colaboración entre a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Pontevedra, para o desenvolvemento de diversas actividades no marco da programación deportiva e de lecer do concello, así como a promoción da cidade de Pontevedra.

Os proxectos e actividades deportivas financiadas por este convenio, e que se desenvolverán no último trimestre do ano 2022, son os seguintes:

- XL Gran Fondo - XXVII Medio Maraton e III 10K Pontevedra 2022.
- XXXIX Carreira pedestre San Silvestre Pontevedra 2022.

SEGUNDA. IMPORTE E FINANCIAMENTO

O custo total das actuacións obxecto deste convenio ascende a setenta mil euros (70.000,00€) con IVE.

A Deputación Provincial financiará unha contía máxima de setenta mil euros (70.000,00€), sendo gastos admisibles os que de xeito indubitado respondan á natureza da actividade conveniada e se realicen no prazo comprendido entre o 1 de outubro de 2022 e o 31 de decembro de 2022. A achega da Deputación de Pontevedra financiará o custo total subvencionable máximo das actuacións, con cargo á anualidade 2022 e contra a aplicación 22/942.9420.462.14 do orzamento provincial (Concellos-Investmentos en Convenios (Vigo e Pontevedra)).



A achega comprometida pola Deputación consiste nunha contía fixa máxima, e no caso de que as actividades realizadas teñan un custo inferior ao inicialmente previsto e sempre que isto non supoña unha execución deficiente da totalidade das actividades, a contía da subvención reducirase proporcionalmente.

TERCEIRA. COMPROMISOS DO CONCELLO DE PONTEVEDRA

- 1. O Concello de Pontevedra asume individualmente a obriga da organización e coordinación de todas as actividades realizadas ao abeiro deste convenio.*
- 2. O Concello aprobará as correspondentes memorias técnicas, pregos de cláusulas ou documentos análogos que conteñan as condicións dos contratos necesarios para a completa realización das actividades programadas obxecto do convenio, así como calquera outro extremo que fose necesario para a súa execución.*
- 3. O Concello asume a obriga, de ser necesario, de obter os correspondentes permisos e tramitar ante outros organismos as autorizacións pertinentes que fosen precisas.*
- 4. O Concello comprométese na difusión do evento a facer visible a colaboración da Deputación no seu financiamento.*
- 5. O Concello deberá xustificar as actuacións executadas no prazo máximo de tres meses, dende o fin das actuacións, ante a Deputación.*
- 6. Prestar a colaboración e facilitar canta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de fiscalización e control do destino das axudas que lle corresponden á Intervención Provincial, ao Tribunal de Contas e ao Consello de Contas.*

Así mesmo, o Concello comprométese ao cumprimento das obrigas contidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e en especial as recollidas no artigo 11 da mesma. Tamén será de aplicación o establecido no seu Regulamento, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro; na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e no seu Regulamento, aprobado polo Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo.

- 7. O Concello obrígase a comunicar á Deputación de forma inmediata, a obtención doutras subvencións ou axudas para a mencionada finalidade procedentes de calquera administración pública ou ente privado nacional ou internacional, con expresión da súa contía.*

CUARTA. COMPROMISOS DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA

A Deputación comprométese a financiar os custos derivados da organización dos citados eventos obxecto do convenio, ata a cantidade máxima de setenta mil euros (70.000,00€), de conformidade co sinalado na cláusula segunda, que será librada contra a presentación das correspondentes facturas ou documentos análogos acreditativos do gasto efectuado, así como da restante documentación xustificativa necesaria e logo da súa fiscalización pola Intervención provincial.

A Deputación poderá inspeccionar a execución do obxecto do presente convenio e formular as observacións que estime pertinentes, sen prexuízo de que corresponda en exclusiva ao órgano de contratación e aos responsables dos respectivos contratos a emisión das ordes e instrucións que procedan.



A Deputación prestará a colaboración e facilitará tanta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de fiscalización e control do destino das axudas que lle corresponden ao Tribunal de Contas e ao Consello de Contas, en cumprimento do disposto no artigo 53 da LRXSP e da Resolución Presidencial núm. 2017008767 de 8 de maio de 2017, tratándose así mesmo dun convenio cuxas achegas económicas non exceden de seiscentos mil euros (600.000,00€).

QUINTA. PUBLICIDADE

En toda a documentación e informacións relativas ás actuacións derivadas do obxecto do presente convenio se incluírá a imaxe corporativa que a este fin facilite a Deputación Provincial de Pontevedra.

As accións de promoción a desenvolver no marco do obxecto do convenio, deberán garantir un alto impacto e visibilidade da colaboración prestada pola Deputación.

Por outra parte, en cumprimento do establecido na resolución de 15 de xuño de 2020, da Intervención Xeral da Administración do Estado pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións, e, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, a Base de Datos Nacional de Subvencións operará como sistema nacional de publicidade das subvencións. A tales efectos e para garantir o dereito dos cidadáns a coñecer todas as subvencións convocadas en cada momento e cara a contribuír aos principios de publicidade e transparencia, a Intervención Xeral da Administración do Estado publicará na súa páxina web as subvencións concedidas, segundo o establecido nos artigos 20.4 e 20.8.b da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

SEXTA. COMPATIBILIDADE CON OUTRAS SUBVENCIONS

A achega económica prevista no presente convenio será compatible con outras subvencións, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou e organismos internacionais.

Porén, o importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo das contratacións subvencionadas.

SÉTIMA. XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN

Os gastos xustificables deberán axustarse aos conceptos incluídos no orzamento inicial, sen que se abone máis que o importe xustificable co límite da subvención concedida, establecendo unha porcentaxe de desviación máxima no custo dos diferentes conceptos da actividade subvencionada con respecto ao orzamento inicial do 20%.

A documentación xustificativa a presentar polo Concello, previa á realización do pago final, será a seguinte:

- a) Conta xustificativa dos gastos, na que figurará a relación do custo ou gasto total da finalidade subvencionada, detallando as facturas ou documentos con valor probatorio no ámbito mercantil e administrativo.*
- b) Facturas ou documentos análogos con valor probatorio no ámbito mercantil e administrativo dos custos ou gastos polo importe da subvención concedida.*



- c) Declaración responsable de que os gastos que figuran na conta xustificativa se aplicaron á finalidade subvencionada. Así mesmo, indícarase que o resto de xustificantes da conta estarán a disposición da Deputación para o seu exame no caso de que sexa requirida.
- d) Memoria explicativa e detallada da realización da finalidade.
- e) Declaración das axudas solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade procedentes das distintas administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, na que se indicará de ser o caso, a entidade concedente, data e importe total concedido.
- f) Declaración responsable de non estar a beneficiaria incurso en ningunha das causas previstas no artigo 10.2 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, para ser beneficiaria desta axuda.
- g) Xustificación da divulgación do financiamento da actividade por parte da Deputación.
- h) Calquera outra documentación esixible pola normativa vixente para a correcta xustificación deste convenio ou que se considere necesaria para a comprobación da correcta execución do obxecto do convenio.

Así mesmo, o Concello poderá facer xustificacións parciais segundo se vaian executando durante cada unha das actuacións que serán obxecto do pago parcial da subvención correspondente por parte da Deputación. A estes efectos, o pagamento será proporcional ao importe das xustificacións presentadas.

OITAVA. COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

Para o seguimento e coordinación da execución deste convenio e resolución das dúbidas que poidan producirse na súa interpretación crearase unha comisión integrada por dous representantes de cada unha das administracións asinantes, un dos cales terá carácter técnico. Corresponderá á Comisión de Seguimento:

- A puntual recepción de información sobre todas as actuacións que se produzan na execución das actividades a que este convenio se refire.
- A coordinación técnica das entidades asinantes nos diversos aspectos técnicos e organizativos para favorecer a promoción, difusión e organización das actividades obxecto deste convenio.
- A coordinación entre as administracións asinantes na execución e financiamento do convenio, ditando ao efecto as instrucións oportunas.
- A resolución das dúbidas que presente a interpretación do convenio e, no seu caso, a emisión de informe se a dúbida ten de ser resolta polos órganos de goberno das administracións asinantes.
- A emisión de informe en relación con cantas incidencias se produzan na execución dos contratos a que este se refire.
- A formulación das propostas que procedan en relación ás cuestións a que os seus informes se refiran.

A Comisión de Seguimento reunirse cando o estime conveniente o seu responsable, por decisión propia ou a petición de calquera dos seus membros. As súas reunións terán lugar na sede da Deputación Provincial de Pontevedra ou na Casa do Concello de Pontevedra. Na reunión constituínte da Comisión de Seguimento designarase ao seu responsable e ao/á seu/a secretario/a que levantará acta das súas reunións.

NOVENA. VIXENCIA

O presente convenio producirá os seus efectos desde a data da súa sinatura ata a total execución das actividades ás que o mesmo se refire, que en todo caso non excederán do 31/12/2022, estendéndose o seu prazo de xustificación como máximo ata o 31/03/2023.



DÉCIMA. EXTINCIÓN DO CONVENIO

O convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución.

Serán causas de resolución:

1º. O transcurso do prazo máximo de vixencia do convenio.

2º. O acordo unánime dos asinantes.

3º. O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes.

Neste caso, notificarase á parte incumpridora un requirimento para que, no prazo que se sinale, cumpra coas obrigacións ou compromisos que se consideran incumpridos. Este requirimento será comunicado tamén ao responsable da Comisión de Seguimento.

Se transcorrido o prazo indicado no requirimento persistira o incumprimento, a parte que o dirixiu notificará á outra parte a concorrencia de causa de resolución e entenderase resolto o convenio. A resolución do convenio por esta causa poderá dar lugar a indemnización dos danos e perdas causados.

4º. Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.

5º. Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista no convenio ou noutras leis.

UNDÉCIMA. RÉXIME XURÍDICO E XURISDICIÓN

O presente convenio ten natureza administrativa, rexéndose polas cláusulas establecidas nel, pola Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e polo Regulamento de desenvolvemento desta Lei, aprobado polo Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e polas restantes normas de dereito administrativo; a lexislación básica do Estado en materia de réxime local; as Bases de Execución dos orzamentos das Administracións asinantes, a Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra e polas restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto as normas de dereito privado.

Así mesmo, a falta de entendemento previo pola Comisión de Seguimento as partes quedan sometidas á xurisdición contencioso-administrativa na resolución de posibles controversias que puideran suscitar o incumprimento ou a interpretación do convenio.

E, como proba de conformidade, asinan o presente Convenio na data da sinatura electrónica.

O alcalde-presidente do Concello de Pontevedra, Miguel Anxo Fernández Lores

O secretario da Administración Municipal do Concello de Pontevedra, José Carlos Castiñeira Piñeiro

A presidenta da Deputación Provincial de Pontevedra, María del Carmen Silva Rego

O secretario da Deputación Provincial de Pontevedra, Carlos Cuadrado Romay”

- Facultar á presidenta para formalizar o devandito Convenio de Colaboración mediante a súa sinatura.*
- Darlle traslado do presente acordo ao Concello de Pontevedra, á Intervención, ao Servizo de Cooperación, ao Gabinete da Presidencia e ao Gabinete de Prensa.*



32.32329.- APROBACIÓN DO PROXECTO DE EXECUCIÓN DA OBRA “MELLORA DA MOBILIDADE PEONIL NA E.P. 2001 O CALVARIO- A GARRIDA, NA CONTORNA DA CASA DA E.L.M. DE BEMBRIVE, P.Q. 3+430 (CONCELLO DE VIGO)”.
(Expte.2022062300)

No desenvolvemento da súa competencia, a Deputación presentou en xaneiro de 2016 o seu Decálogo de Criterios para as novas actuacións nas vías provinciais co fin de actuar acorde coas demandas urbanísticas, ambientais e sociais, de máximo respecto ao territorio e ao patrimonio construído aumentando a seguridade viaria en toda a rede de estradas da provincia.

Que a Deputación de Pontevedra é titular da E.P. 2001 Calvario- A Garrida, que transcorre polo Concello de Vigo e que ten, no seu primeiro treito, unha lonxitude de 8.313 metros.

Trátase dunha estrada de dobre sentido de circulación e de sección variable cunha elevada intensidade media diaria de tráfico. Ademais na contorna da *Entidade Local Menor de Bembrive* sitúanse a Praza do Mosteiro e locais comerciais polo que é unha zona moi concorrida por peóns e na actualidade insegura para os mesmos debido ao ancho das beirarrúas e á desorganización do aparcamento.

Por este motivo a Deputación de Pontevedra decidiu contratar a redacción do proxecto de “*Mellora da mobilidade peonil na E.P. 2001 O Calvario- A Garrida, na contorna da casa da E.L.M. de Bembrive, P.Q. 3+430 (Concello de Vigo)*” para dotar a zona de prioridade peonil segura.

O proxecto desenvólvese na súa integridade no *Concello de Vigo*, na parroquia de Bembrive á altura do P.Q. 3+430 da E.P. 2001, sendo o seu obxecto principal a mellora das condicións de seguridade e mobilidade para os peóns.

Con data 21 de outubro de 2022 formalizouse entre a Deputación de Pontevedra e o Concello de Vigo, convenio de colaboración para a execución do proxecto de obras “*Mellora da mobilidade peonil na E.P. 2001 O Calvario- A Garrida, na contorna da casa da E.L.M. de Bembrive, P.Q. 3+430 (Concello de Vigo)*”.

O citado convenio recolle que os investimentos necesarios para a realización das obras serán financiados pola Deputación de Pontevedra e *Concello de Vigo* mediante a achega das cantidades relacionadas de seguido:

	ACHEGA	%
Deputación de Pontevedra	163.510,98 €	70
Concello de Vigo	70.076,14 €	30
TOTAL INVESTIMENTO	233.587,12 €	100

Recolle o citado convenio, que lle corresponde á Deputación, redactar o proxecto técnico para a execución das obras obxecto do citado convenio, así como a licitación dirección execución e recepción das obras.



A Deputación de Pontevedra non dispón dos medios humanos e técnicos necesarios para poder levar a cabo a execución da obra, polo que deberá adxudicarse a unha empresa externa mediante procedemento de contratación pertinente.

Na súa consecuencia recibíuse no Servizo de Contratación providencia do Deputado Delegado da área de Infraestruturas e Vías Provinciais, solicitando iniciar a tramitación do expediente para adxudicar o contrato de obras “*Mellora da mobilidade peonil na E.P. 2001 O Calvario- A Garrida, na contorna da casa da E.L.M. de Bembrive, P.Q. 3+430 (Concello de Vigo)*”

Sendo necesario definir de forma clara e precisa o obxecto do contrato antes da licitación, redactouse pola enxeñeira do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, Elena Otero Otero, o proxecto de execución da obra “*Mellora da mobilidade peonil na E.P. 2001 O Calvario- A Garrida, na contorna da casa da E.L.M. de Bembrive, P.Q. 3+430 (Concello de Vigo)*” cun orzamento base de licitación de 233.587,12 € IVE incluído. A este proxecto asignóuselle o código (CSV) OTXSBU7LIVTXDIUV.

Pola Intervención emitíuse documento RC por importe de 163.510,98 €, con número de operación 202200180149, con cargo á aplicación orzamentaria 22/456.4530.612.02 do vixente orzamento provincial.

A cantidade restante, por importe de 70.076,14 €, será financiada polo *Concello de Vigo* con cargo a unha subvención xa concedida pola Deputación de Pontevedra, dentro do programa de cooperación para o desenvolvemento de actuacións no devandito concello, pola que se xerará crédito na correspondente aplicación orzamentaria.

Resultando.- Que con data 21/11/2022 emitíu informe a xefa do Servizo de Fiscalización recollendo o seguinte: “*...Consta no expediente autorización da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia para a execución das obras, sen que se sinala no resto de documentación inserida no expediente, que sexa necesaria ningunha autorización máis derivada da normativa sectorial aplicable. CONCLUSIÓN Polo exposto, infórmase favorablemente o expediente...*”

Considerando.- Que o artigo 231 da LCSP establece que: “*...a adxudicación dun contrato de obras requirirá a previa elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do correspondente proxecto que definirá con precisión o obxecto do contrato. A aprobación do proxecto corresponderá ó órgano de contratación...*”

Considerando.- Que o artigo 235 do mesmo texto legal, recolle que para contratos de obras cun orzamento base de licitación inferior a 500.000 € o informe de supervisión será facultativo, salvo que se trate de obras que afecten á estabilidade, seguridade ou estanqueidade da obra.

Considerando.- Todo o recollido no Título II, Capítulo I, sección 1ª da LCSP, referente ás actuacións preparatorias do contrato de obras.



Considerando.- Que a disposición adicional segunda da LCSP no seu apartado 1, faculta á Ilma. Sra. Presidenta para actuar como órgano de contratación, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e o establecido nas bases de execución do orzamento provincial, concretamente na Base 16ª. 2 a) onde figura que lle compete á Xunta de Goberno autorizar e comprometer os gastos precisos para contratación que sendo competencia da Presidencia, superen para o contrato de obras o importe de douscentos mil euros.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Aprobado o proxecto de execución da obra “*Mellora da mobilidade peonil na E.P. 2001 O Calvario- A Garrida, na contorna da casa da E.L.M. de Bembrive, P.Q. 3+430 (Concello de Vigo)*”, pola enxeñeira do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, Elena Otero Otero, cun orzamento base de licitación de 233.587,12 €, IVE incluído. A este proxecto asignóuselle o código (CSV) OTXSBU7LIVTXDIUV.

33.32330.- ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO NEGOCIADO SEN PUBLICIDADE E EXCLUSIVIDADE, TRAMITADO PARA CONTRATACIÓN DOS “SERVIZOS PUBLICITARIOS CON FARO DE VIGO, S.A.U. PARA A ANUALIDADE 2023”. (Exppte.2022057958)

A Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra, na súa sesión ordinaria do día 4 de novembro de 2022, acordou aprobar o expediente para a contratación, mediante procedemento negociado sen publicidade e exclusividade, dos servizos publicitarios con Faro de Vigo, S.A.U. para a anualidade 2023, e iniciar o procedemento, dando traslado do acordo, xunto cos pregos de condicións económico-administrativas e de prescricións técnicas, á empresa *Faro de Vigo, S.A.U.*

No mesmo acordo, o órgano de contratación invita o día 8 de novembro de 2022, á empresa Faro de Vigo, S.A.U., no caso de estar interesada, a presentar proposición a través da plataforma licitación electrónica (VORTAL). A citada empresa presentou con data 11 de novembro de 2022 a documentación requirida e unha vez examinada a documentación presentada resulta admitida no procedemento.

A oferta económica presentada pola empresa é a seguinte:

Importe ofertado sen IVE	225.206,61 €
IVE (21%)	47.293,39 €
Importe ofertado con IVE	272.500,00 €

A continuación, procédese á valoración da oferta de conformidade cos criterios de adxudicación establecidos no prego de cláusulas económico-administrativas particulares, co seguinte resultado: Criterios de adxudicación do contrato: menor prezo ofertado sen IVE, ata un máximo de 100 puntos.

Empresa	Prezo ofertado SEN IVE	Puntuación
Faro de Vigo, S.A.U. (A36600815)	225.206,61 €	0 puntos



A empresa proposta para a adxudicación está inscrita no Rexistro Xeral de Contratistas da Xunta de Galicia, quedando, polo tanto, debidamente acreditados os requisitos de capacidade e solvencia. Asemade, consta no expediente a constitución da garantía definitiva polo importe de 11.260,33 € (carta de pago núm. 202200236928 de data 18/11/2022).

Considerando o establecido na disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á presidenta para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16ª.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de servizos que superen o importe de 100.000,00 euros (IVE incluído), a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Adxudicar o contrato “*Servizos publicitarios con Faro de Vigo, S.A.U. para a anualidade 2023*”, á empresa Faro de Vigo, S.A.U. (A36600815), polos seguintes prezos e valores ofertados, e conforme ao establecido na súa oferta:

Importe ofertado sen IVE	225.206,61 €
IVE (21%)	47.293,39 €
Importe ofertado con IVE	272.500,00 €

A Deputación de Pontevedra non se compromete a realizar un número mínimo de insercións publicitarias nin a gastar una cantidade fixa, senón que dependerá das necesidades que vaian xurdindo para facer as citadas publicacións, que se axustarán aos prezos indicados, sen que o gasto total poda superar os citados importes.

O prazo máximo de duración do contrato será desde o 1 de xaneiro ata o 31 de decembro de 2023. A formalización do contrato efectuarase en documento administrativo unha vez transcorridos quince días hábiles desde que se remita a notificación da adxudicación á empresa.

Nomear responsable do contrato á Xefatura do servizo de Comunicación Institucional da Deputación de Pontevedra ou persoa en quen delegue.

As obrigas derivadas do presente contrato financiaranse con cargo á aplicación orzamentaria 924.9200.226.02 do orzamento provincial do ano 2023, quedando o gasto condicionado á aprobación de dito orzamento e á existencia de crédito adecuado e suficiente na referida aplicación orzamentaria.

Forma de pagamento: PARCIAL.

Fitos de facturación: Por inserción publicitaria realizada.



O prezo aboarase dentro dos trinta días seguintes á data de aprobación dos documentos que acrediten a conformidade dos servizos prestados co disposto no contrato, nos termos establecidos nos artigos 198.4 e 210.4 da LCSP.

Lugar de presentación e forma da factura: As facturas deberán presentarse pola ou polo adxudicatario en formato electrónico a través do Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado FACe, ao que pode accederse desde a Sede Electrónica da Deputación de Pontevedra (sede.depo.es), en tempo e forma, a efectos de que o órgano competente proceda á súa tramitación (máis información en <https://sede.depo.es>).

Nas facturas deberase indicar os código DIR 3 que identifican o procedemento, o CIF e o núm. de expediente que se relacionan a continuación:

Administración:	L02000036 P3600000H)	(CIF:	Nº de exp.:	2022057958	
Órgano xestor:	LA006130	Unidade tramitadora:	LA0006135	Oficina contable:	LA0006135

Se, xunto coa factura, a adxudicataria ou adxudicatario ten que presentar outros documentos xustificativos do traballo realizado, o fará achegando os documentos xustificativos a través do sistema de facturación da Deputación de Pontevedra.

34.32331.- CONCESIÓN DE PRORROGA E AUTORIZACIÓN DA PARALIZACIÓN PARCIAL DA EXECUCIÓN DO CONTRATO DE OBRAS “REHABILITACIÓN ENERXÉTICA DA ESCOLA UNITARIA DA ENTIDADE LOCAL DE VILASOBROSO, RECOLLIDA NAS ACTUACIÓNS DO PROXECTO IDAE NÚM. FEDER-EELL-2020-004126 <ENVOLVENTE TÉRMICA SOSTENIBLE I>, QUE CONTA CON COFINANCIAMENTO DO 80% DO FEDER A TRAVÉS DA CONVOCATORIA DE AXUDAS DO IDAE”. (Expte. 2022002143)

Resultando.- Que a Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria celebrada o día 20 de maio de 2022, acordou adxudicar o procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra “Rehabilitación enerxética da escola unitaria da entidade local de Vilasobroso, recollida nas actuacións do proxecto IDAE NÚM. FEDER-EELL-2020-004126 “Envolvente térmica sostenible I”, que conta con cofinanciamento do 80 % do FEDER a través da convocatoria de axudas do IDAE” á empresa CONSTRUCCIONES Y OBRAS VAZAL, S.L., por un importe de 361.595,40 € e un prazo de execución de TRES (3) MESES.



Resultando.- Que con data 06/07/2022 formalizouse entre o contratista e a directora de obra, acta de comprobación de replanteo negativa, debido á que a existencia de mobiliario e outros elementos propiedade da Entidade Local Menor de Vilasobroso imposibilitaron o inicio das obras, non autorizando o inicio das mesmas ata ser retirados ditos elementos.

Resultando.- Que a Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria celebrada o día 29/07/2022 acordou autorizar a suspensión do inicio da execución das obras con efectos dende o 06/07/2022.

Resultando.- Que solventadas as causas que deron lugar á suspensión do inicio das obras, con data 09/08/2022 formalizouse entre o contratista e a directora de obra, acta de comprobación de replanteo, establecéndose nese intre coma data para finalizalas o día 09/11/2022.

Resultando.- Que con data 07/10/2022 tivo entrada a través do rexistro electrónico da Deputación, escrito do contratista na que solicita unha prórroga na execución do contrato de UN MES E MEDIO, debido a causas que non aclara en demasía.

Resultando.- Que con data 28/10/2022 emitiu informe a directora da obra recollendo que debido á existencia de diversas problemáticas no momento da obra que requiriu de definicións e interpretacións do proxecto, acarreando un retraso significativo na planificación inicial da obra estando polo tanto xustificada a solicitude de prórroga da execución do contrato de MES E MEDIO, realizada polo contratista.

Resultando.-Que en informe emitido polo responsable do contrato (Enxeñeiro da Deputación), considera que estes retrasos non foron coma consecuencia de aptitude culpable do contratista, facéndose necesaria unha ampliación de prazo de UN MES E MEDIO. Así mesmo existe unha falta de stock de perfilería de eucalipto laminado polo que se require da suspensión destas unidades hasta que se reciban os subministrados e se poda proceder á súa execución.

Resultando.- Que consta no expediente informe conxunto emitido polo Xefe de Servizo de Contratación, o Secretario Xeral da Deputación e o Interventor informando favorablemente.

Considerando.- Que o artigo 193.1 da Lei 9/2017 de 8 de novembro de Contratos do Sector Público, establece que: *“...O contratista está obrigado a cumprir o contrato dentro do prazo total fixado para a realización do mesmo, así como dos prazos parciais sinalados para a execución sucesiva...”*

Considerando.- Que o artigo 195.2 do mesmo texto legal, recolle no referente á ampliación do prazo d execución dos contratos o seguinte: *“...Se o retraso fose producido por motivos non imputables ó contratista e este ofrecera cumprir os seus compromisos se se lle amplía o prazo inicial de execución, o órgano de contratación concederallo dándoselle un prazo que será, polo menos, igual ó tempo perdido, a non ser que o contratista pedise outro menor...”*



Considerando.- Que o artigo 100 do Real Decreto 1098/2001 establece que: “1. A petición de prórroga por parte do contratista deberá ter lugar nun prazo máximo de quince días dende aquel no que se produza a causa orixinaria do retraso, alegando as razóns polas que estime non lle é imputable e sinalando o tempo probable da súa duración...”

Considerando.- Que o artigo 190 da lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP), establece no seu primeiro parágrafo que “...dentro dos límites e con suxección ós requisitos e efectos sinalados na presente Lei, o órgano de contratación ostenta a prerrogativa de interpretar os contratos administrativos, resolver as dúbidas que ofrezga o seu cumprimento, modificalos por razóns de interese público, declarar a responsabilidade imputable ó contratista a raíz da execución do contrato, suspender a execución do mesmo, acordar a súa resolución e determinar os efectos desta...”

Considerando.- Que o artigo 208.1 da LCSP establece que: “...se a Administración acordase a suspensión do contrato o aquela tivera lugar pola aplicación do disposto no artigo 198.5, extenderase unha acta, de oficio ou a solicitude do contratista, na que se consignarán as circunstancias que a motivaron e a situación de feito na execución de aquel...”

Considerando.- Que o artigo 103 do Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas recolle o seguinte: “1. A acta de suspensión a que se refire o artigo 102 da Lei, será firmada por un representante do órgano de contratación e o contratista (...). 2. No contrato de obras a acta a que se refire o apartado anterior será tamén firmada polo director de obra, debendo unirse á mesma como anexo, en relación coa parte ou partes suspendidas, a medición de obra executada e os materiais acopiados a pe de obra utilizables exclusivamente nas mesmas. Dito anexo deberá incorporarse no prazo máximo de dez días hábiles conforme á regra de cómputo establecida no apartado anterior, prorrogable excepcionalmente ata un mes, tendo en conta a complexidade dos traballos que inclúe...”

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Conceder á empresa CONSTRUCCIONES Y OBRAS VAZAL, S.L. unha prórroga de UN MES E MEDIO, na execución do contrato de obras “Rehabilitación enerxética da escola unitaria da entidade local de Vilasobroso, recollida nas actuacións do proxecto IDAE NÚM. FEDER-EELL-2020-004126 “Envolverte térmica sostenible P”, que conta con cofinanciamento do 80 % do FEDER a través da convocatoria de axudas do IDAE”, establecendo coma data para finalizar a obra o día 24/12/2022.
2. Autorizar a suspensión parcial da execución do contrato de obras “Rehabilitación enerxética da escola unitaria da entidade local de Vilasobroso, recollida nas actuacións do proxecto IDAE NÚM. FEDER-EELL-2020-004126 “Envolverte térmica sostenible I”, que conta con cofinanciamento do 80 % do FEDER a través da convocatoria de axudas do IDAE”., con efectos dende a data de adopción deste acordo.



As unidades de obra paralizadas son as seguintes:

Nº	Ud	DESCRIPCIÓN
8.1	M ²	CARPINTERÍA EXTERIOR DE MADERA DE EUCALIPTO LAMINADO PARA PUERTA ABISAGRADA (ABATIBLE/FIJA)
8.2	M ²	CARPINTERÍA EXTERIOR DE MADERA DE EUCALIPTO LAMINADO PARA VENTANA ABISAGRADA (OSCILOBATIENDE/FIJA)
8.3	Ud	VENTANA DE ACCESO A CUBIERTA, MODELO GXL FK06 2070 "VELUX"
8.4	M	VIERTEAGUAS DE CHAPA PLEGADA DE ACERO INOXIDABLE
8.5	M	SOLERA DE ACCESO EN HUECO PUERTAS EXTERIORES
8.6	M	RECERCADO INTERIOR DE MADERA MACIZA DE EUCALIPTO LAMINADO
8.7	M ²	DOBLE ACRISTALAMIENTO SGG CLIMALIT PLUS PLANITHERM 4S F2 4/16/4
8.8	M ²	DOBLE ACRISTALAMIENTO SGG CLIMALIT PLUS PLANITHERM 4S F2 4/16/33.1
8.9	M ²	DOBLE ACRISTALAMIENTO SGG CLIMALIT PLUS PLANITHERM 4S F2 6/16/44.1
8.10	M ²	DOBLE ACRISTALAMIENTO SGG CLIMALIT PLUS PLANISTAR ONE F2 4/16/4
8.11	M ²	DOBLE ACRISTALAMIENTO SGG CLIMALIT PLUS PLANISTAR ONE F2 4/16/33.1
8.12	M ²	DOBLE ACRISTALAMIENTO SGG CLIMALIT PLUS PLANISTAR ONE F2 6/16/44

Autorizada a suspensión, deberá formalizarse entre o contratista, o director de obra e o responsable do contrato, acta de suspensión, no prazo de DOUS (2) DÍAS HÁBILES, a contar dende o día seguinte á notificación deste acordo.

Solucionadas as causas que deron lugar á suspensión parcial da execución desta obra, formalizarase entre o contratista e o director de obra acta de reinicio, quedando nese intre UN MES E DOUS DÍAS, para finalizar a obra.

35.32332.- APERTURA DUN NOVO PRAZO PARA A PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES DE "AXUDAS DE ESTUDOS DO CURSO 2022-2023"
(Expte.2022064900)

1º.- Por acordo adoptado na Xunta de Goberno celebrada o pasado 28/10/2022 aprobáronse as bases que regulan a concesión de axudas de estudos para o curso 2022-2023.

2º.- Posteriormente, advertido un erro na tramitación das axudas de estudos universitarios, ao non incorporar no expediente a versión definitiva ditaminada pola Comisión Paritaria Mixta, por acordo da Xunta de Goberno celebrada o 11/11/2022 rectificanse as bases nos termos indicados no mencionado acordo, no cal mantense como data de finalización do prazo de presentación de solicitudes o 11/11/2022, a mesma na que se adopta o acordo de rectificación.



3º.- En reunión celebrada coa Xunta de Persoal e Comité de Empresa o 21/11/2022, o sindicato CCOO solicita unha ampliación ou apertura dun novo prazo para a presentación das solicitudes, xa que este cambio non se comunicou con antelación suficiente a todos os empregados.

Como consecuencia, nesa reunión propónse abrir un novo prazo de presentación de solicitudes, que comprenderá do 26 de novembro ao 2 de decembro deste ano.

Normativa aplicable:

1º.- De conformidade co disposto no artigo 68 do V Acordo Regulador para o persoal funcionario e artigo 81 do I Convenio Colectivo para o persoal laboral, por acordo da Xunta de Goberno do 28/10/2022 aprobáronse as bases que regulan a concesión das axudas de estudos ao persoal funcionario de carreira, laborais fixos e os seus fillos/as.

2º.- A apertura dun novo prazo para a presentación de solicitudes corresponde ao mesmo órgano que aprobou as referidas bases.

Polo exposto, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade abrir un novo prazo de presentación de solicitudes das axudas de estudos para o curso 2022/2023, que comprenderá do 26 de novembro ao 2 de decembro deste ano.

As solicitudes que se atopan fóra de prazo deberán presentarse dentro do prazo sinalado neste acordo.

36.32333.- APROBACIÓN DO PROXECTO DA OBRA “ILUMINACIÓN MONUMENTAL E PAISAXÍSTICA E MELLORA DA INSTALACIÓN ELÉCTRICA NA PARCELA DO CASTELLO DE SOUTOMAIOR”. (Expte. 2021047530)

PRIMEIRO.- Trala declaración pola Organización Mundial da Saúde da pandemia internacional provocada pola COVID-19 o 11 de marzo de 2020, os países da Unión Europea adoptaron unha serie de medidas coordinadas de emerxencia para protexer a saúde da cidadanía e evitar o colapso da economía. Estas medidas tiveron un drástico impacto económico e social no conxunto dos países da Unión Europea, influíndo directamente na actividade comercial dos seus pobos e cidades. O Consello Europeo do 21 de xullo de 2020, consciente da profunda crise causada polo coronavirus aprobou un instrumento excepcional de recuperación temporal coñecido como Next Generation EU dotado con 750.000 millóns de euros. O Fondo de Recuperación garante unha resposta coordinada cos Estados membros da UE para facer fronte as consecuencias económicas e sociais da pandemia.



SEGUNDO. - O núcleo do Fondo de Recuperación constitúe o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia (MRR), establecido polo Regulamento da (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, de 12 de febreiro de 2021. A súa finalidade é apoiar o investimento e as reformas dos Estados membros para lograr unha recuperación sustentable e resiliente, á vez que se promovan as prioridades ecolóxicas e dixitais da Unión Europea. Ten catro obxectivos principais: promover a cohesión económica, social e territorial da UE; fortalecer a resiliencia e a capacidade de axuste dos Estados membros; mitigar as repercusións sociais e económicas da crise do COVID-19; e apoiar a transición ecolóxica e dixital.

TERCEIRO. - Para alcanzar os referidos obxectivos cada Estado membro deseñou un Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia que inclúe as reformas e investimentos necesarios para cumprir cos obxectivos do citado Plan.

No caso de España a Resolución do 29 de abril de 2021, da Subsecretaría do Ministerio de Asuntos Económico e Transformación Dixital, dá publicidade ao Acordo do Consello de Ministros do 27 de abril de 2021, polo que se aproba o Plan de recuperación, transformación e resiliencia, que define as estratexias a seguir no desenvolvemento dos fondos europeos de recuperación. As medidas que recolle o plan cumpren co seis alicerces establecidos polo Regulamento da UE, e artículanse ao redor de catro eixos transversais: transición ecolóxica, transformación dixital, cohesión social e territorial e igualdade de xénero. O catro eixos vertébranse nas 10 políticas panca ou tractoras que van incidir directamente naqueles sectores produtivos con maior capacidade de transformación do tecido económico e social, dentro das cales se recollen 30 compoñentes, que permiten articular os programas coherentes de investimentos e reformas do Plan. Na política panca V “Modernización e dixitalización do tecido industrial e da peme, recuperación do turismo e impulso a unha España nación emprendedora” encádrase o compoñente 14 “Plan de Modernización e competitividade do sector turístico”. No investimento Plan “Impulsa Patrimonio” tense invertido ata o de agora 259 millóns de euros para a conservación, mantemento e rehabilitación de bens de interese turístico.

CUARTO. - Ditas investimentos canalízanse a través de distintos instrumentos como son as convocatorias que, respectando o marco competencial, levarán a cabo polos ministerios, empresas públicas estatais ou polas propias comunidades autónomas. Neste marco, a Deputación de Pontevedra, coñecedora deste escenario, veu traballando en distintas actuacións para poder optar ás distintas convocatorias dentro do seu ámbito competencial. E o pasado mércores día 9 de novembro presentouse en Real Casa da Moeda de Segovia as axudas para a competitividade do patrimonio con uso turístico previstas no PRTR. As bases de dita convocatoria están pendentes de publicarse no BOE nos vindeiros días.

NORMATIVA APLICABLE

- Lei 7/1985 do 2 de abril Reguladora das Bases do Réxime Local.
- R.D. 2568/86, do 18 de novembro, en relación ás atribucións da Presidencia da Deputación Provincial.



- R.D. Lexislativo 2/2004 do 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, en relación ás competencias de xestión do gasto.
- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeneral de Subvencións (LGS), e o seu Regulamento aprobado polo Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLGS) e Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba ou Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL)
- Orde HAP/1781/2013, de 20 de setembro, pola que se aproba a Instrución do modelo normal de contabilidade local
- Orde EHA/3565/2008, de 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura dos orzamentos das entidades locais.
- Bases do orzamento da Deputación de Pontevedra.
- E demais lexislación concordante e sectorial de aplicación

Así mesmo, tratándose dun proxecto que aspira a ser cofinanciado polo Plan de Recuperación Transformación e Resiliencia atenderase á seguinte normativa:

- Orde pola que se establecen as bases reguladoras das liñas de axudas para o financiamento de dito proxecto, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.
- Orde ICT/1307/2021, de 24 de novembro, pola que se acorda a tramitación de urxencia das convocatorias de concesión de subvencións correspondentes á liña de axudas para o apoio a mercados, zonas urbanas comerciais, comercio non sedentario e canles curtas de comercialización; á liña de axudas para o apoio da actividade comercial en zonas rurais e á liña de axudas para o fortalecemento da actividade comercial en zonas turísticas, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.
- Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello de 12 de febreiro de 2021 polo que se establece o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia.
- Real Decreto 36/2020, de 30 de decembro, polo que se aproban medidas urxentes para a modernización da Administración Pública e para a execución do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.
- Orde HFP/1030/2021, de 29 de setembro, polo que se configura o sistema de xestión do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.
- Orde HFP/1031/2021, de 29 de setembro polo que se establece o procedemento e formato da información a proporcionar polas Entidades do Sector Público Estatal, Autonómico e Local para o seguimento do cumprimento de fitos e obxectivos de execución orzamentaria e contable das medidas do compoñente do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.
- Regulamento (UE) 2020/2094 del Consello, de 14 de decembro de 2020, polo que se establece un Instrumento de Recuperación da Unión Europea para apoiar a recuperación tras a crise da COVID-19, e regulado segundo o Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, de 12 de febreiro de 2021.



FUNDAMENTOS XURÍDICOS E TRATAMENTO TÉCNICO

PRIMEIRO. - A Deputación de Pontevedra en liña co Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, ten como un dos principais obxectivos en materia de turismo, o desenvolvemento de mecanismos para situar de maneira eficiente os seus recursos propios. O patrimonio cultural e arquitectónico xestionado pola Deputación de Pontevedra é un dos atributos turísticos máis importantes de Rías Baixas. Entre eles atopamos o Castelo de Soutomaior, xestionado polo Servizo de Turismo Rías Baixas.

O Plan Estratéxico de Turismo Rías Baixas 2021-2023 supón unha ferramenta esencial que actúa como folla de ruta de face á mellora da competitividade e posicionamento do destino Rías Baixas. Dentro das liñas estratéxicas do plan, contémpanse unha serie de accións encamiñadas a reforzar a posición de todo o ecosistema turístico e en concreto, no eixo 2 de oferta turística e na ficha 9 de Fortaleza de Soutomaior detállanse as accións operativas relacionadas co Castelo. Entre estas accións operativas atopábase a redacción do Proxecto de iluminación monumental e paisaxística e mellora da instalación eléctrica na parcela do castelo de Soutomaior.

SEGUNDO. – Con data 9 de novembro preséntanse as bases que rexerán a convocatoria de axudas a o patrimonio de uso turístico que xa foron aprobadas e están pendentes de publicación, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia. Coñecedores desta convocatoria de fondos dende a presentación do PRTR a Deputación de Pontevedra traballou para poder presentar o proxecto de iluminación monumental e paisaxística e mellora da instalación eléctrica na parcela do castelo de Soutomaior á citada convocatoria.

Así:

1. A Deputación de Pontevedra é propietaria do Castelo de Soutomaior e dos terreos nos que se localiza, no Concello de Soutomaior.

Foi declarado Ben de Interese Cultural por Resolución da Dirección Xeral de Belas Artes e Arquivos do 17/10/1994.

Ademais, o Castelo e Fraga de Soutomaior están incluídos no Catálogo do Patrimonio Arquitectónico Protexido do PXOM co código S-6, cun nivel de protección integral.

O Castelo e os seus xardíns reciben un elevado número de visitantes, polo que é preciso que dispoña, entre outras, dunhas instalacións eléctricas e de iluminación acordes ás súas necesidades actuais e en perfecto estado, adecuadas o espazo histórico no que se sitúan, que permitan contemplar, identificar e enaltecer os elementos arquitectónicos, ornamentais e vexetais que existen no interior da parcela e castelo.

En consecuencia, debido ao estado actual das instalacións eléctricas e de iluminación existentes do castelo como resultado das características construtivas desta edificación, do transcurso do tempo e das demandas xeradas logo da súa posta en valor no ano 2017; resulta necesaria a realización de obras de dotación, reforma, adaptación, mantemento e conservación básicas sobre estas instalacións, de xeito que se poida ofrecer un espazo de calidade para os visitantes deste ben.



2. O 12/04/2022 mediante Resolución Presidencial núm. 2022002759 acordouse adxudicar ao enxeñeiro Antonio García Álvarez o contrato “*Redacción do proxecto de iluminación monumental e paisaxística e mellora da instalación eléctrica na parcela do Castelo de Soutomaior*” polo importe de 52.998,00 € (IVE incluído).
3. En novembro de 2022 achégase definitivamente o “*Proxecto de iluminación monumental e paisaxística e mellora da instalación eléctrica na parcela do castelo de Soutomaior*”.
4. O 22/11/2022 o Servizo de Arquitectura emite informe de supervisión do dito proxecto.

Tal e como se indica na memoria do proxecto, as actuacións consisten resumidamente:

- Debido o estado actual tanto da instalación eléctrica coma a de iluminación, xa moi deterioradas polo paso do tempo, é necesario realizar unhas obras de reforma e adecuación que garantan unha dotación adecuada, de xeito que se poida ofrecer un espazo de calidade para os visitantes deste BIC e a súa contorna. Tamén, para garantir o bo funcionamento da futura instalación eléctrica e da iluminación exterior das diferentes edificacións faise necesaria a súa modernización, de forma que, se poidan monitorizar os consumos, regular e programar a iluminación, crear alertas que notifiquen avarías, etc. Ademais de ser necesario prever as infraestruturas para as instalacións de telecomunicacións, seguridade (equipos de alarma e roubo), megafonía e futuras necesidades, en forma de canalizacións específicas para estes servizos.
- Desmantelamento do alumeado existente, debido o deficiente estado, a disparidade de luminarias existentes e as distintas temperaturas de iluminación.
- Dotación de novo alumeado con elección de luminarias adecuadas a cada ámbito, Castelo, xardíns, fontes, estanques, árbores, viais, aparcamentos..., respondendo a funcionalidade específica de cada zona, mantendo deseños e cores uniformes en todo o proxecto na elección das luminarias así como baixo os parámetros de uniformidade, control do fluxo lumínico, niveis de iluminación e temperatura de cor idóneos para a iluminación monumental.
- Adecuación e reforma da instalación eléctrica de toda a parcela incluíndo novas infraestruturas así como a instalación dun grupo electrógeno.
- Reforma integral do centro de transformación e local técnico do CT.
- Adecuación e reforma eléctrica en baixa tensión e cadros eléctricos nos diferentes edificios;
- Mellora da pavimentación do camiño de acceso a igrexa.
- O orzamento determinado no proxecto de obra ascende a un total de dous millóns cinco mil novecentos vinte e un euros con corenta e sete céntimos (2.005.921,47€) e será financiado coas axudas a Patrimonio de uso turístico recollidas no punto 2 dos Fundamentos xurídicos e tratamento técnicos.



Por todo o exposto, en base aos antecedentes de feito, normativa aplicable e fundamentos xurídicos e tratamento técnico, e visto o informe de supervisión do servizo de arquitectura A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- A aprobación do “*Proxecto de iluminación monumental e paisaxística e mellora da instalación eléctrica na parcela do castelo de Soutomaior*”, subscrito polo enxeñeiro técnico industrial Antonio García Álvarez en novembro de 2022.
- A solicitude das autorizacións sectoriais e título habilitante municipal de natureza urbanística.

37.32334.- COMUNICACIÓNS

Non houbo.

38.32335.- ROGOS E PREGUNTAS

Non se formularon.

E non habendo máis asuntos que tratar pola Sra. Presidenta, sendo as trece horas e cinco minutos do expresado día, dáse por rematada a sesión e dela esténdese a presente acta, que asina a Ilma. Sra. Presidenta, comigo, o Secretario que dou fe.

